

## sarria

Os vindeiros 25 e 26 de outubro celébrase a IX edición do Esmorga Fest. **Páx. 3**

## paradela

O Concello de Paradela renovará parte da cuberta do pavillón polideportivo. **Páx. 15**

## samos

Falamos co representante da oposición en Samos, o portavoz popular Miguel Gallego. **Páx. 17**

## o incio

O 22 de agosto celébrase a XIV edición da súa Feira de Artesanía e Produtos da Terra. **Páx. 18**

## láncara

Celebran a Festa da Malla, a III Foliada de Láncara e as Festas da Pobra de San Xiao. **Páx. 20**

## Un BIC que será privado

A fortaleza onde está a Torre do Batallón será comprada por un particular e o Goberno aposta pola a colaboración público-privada



## “Unha canteira con identidade e sentimento”

Falamos con David Páez, o sarriao que dirixe a canteira do Club Deportivo Lugo. **Páx. 23**

## As comisións de festas, de moda no verán

Entrevistamos a catro grupos organizadores das patronais, que nos explican o seu traballo. **Páx. 12-13**

## O futuro da Feculera



As instalacións pasarán a mans privadas e o Concello non poderá utilizalas. **Páx. 4**

## O Festival de Maxia



20 magos recoñecidos internacionalmente participarán do evento. **Páx. 8**

## O Tremeterra do Incio



O Tremeterra ten como finalidade crear unha comunidade *sound system*. **Páx. 19**

## Análise da reunión entre Rueda e Tomé

Achegaron posturas sobre infraestruturas, servizos sociais, emerxencias e turismo. **Páx. 21**

**CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA**

**CUIDAMOS EL BIENESTAR ANIMAL**

**ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³**

**CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO**

**ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA**

**RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.**

**¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!**

**EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240**

**www.corbarsil.com**

**MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com**

# SARRIA

## Un particular compra a Torre do Batallón



A Torre do Batallón será vendida a un empresario sarriao, que merca a fortaleza da familia Pérez Batallón e perde así o Concello a oportunidade de posuír o principal elemento patrimonial da vila, tal e como insistiu en facer o Partido Popular.

A fortaleza, considerada Ben de Interese Cultural en 1994, está á venda por 1.100.000 euros desde hai máis de quince anos e o prezo inclúe a leira, de 9.000 metros cadrados, a torre e dúas vivendas. Tendo en conta que a normativa urbanística prohibe a construción de inmobles de uso residencial, probablemente se dedicará a usos do sector servizos, hostaleiros ou hoteleiros.

O Partido Popular propuxera comprar a Torre do Batallón e os elementos do seu conxunto cos cartos da herdanza de José Sánchez Arias, xa que no 2015 o Pleno aprobara destinar os cartos á adquisición deste “emblema sarriao que ofrece importantes oportunidades dende o punto de vista patrimonial, cultural e tamén como atractivo turístico”, segundo subliñou a portavoz, Carmen José López. Para os popula-

res, adquirir este inmoble era “unha oportunidade histórica porque é un símbolo para o municipio e para toda a comarca, un ben representativo na historia de Sarria e unha paraxe destacada pola súa localización, que debe poñerse ao servizo e desfrute da veciñanza e potenciarse como activo patrimonial e turístico de Sarria”.

Pola súa parte, desde o BNG din que “houbo unha inacción por parte da Xunta” ao non exercer o dereito de retracto ao ser a fortaleza un Ben de Interese Cultural e desde o PSOE critican ao Goberno local, apuntando a que a compra “debíase feito antes”.

Finalmente, o Goberno de Camiña Sarria opina que a compra “impulsará a revitalización da zona e a imaxe da vila” e propoñen crear un convenio coa propiedade para que garanta os obxectivos de acceso público á fortaleza. Así, din, “a colaboración público-privada será clave para garantir o respecto ao patrimonio histórico de Sarria e permitirá poñer en valor un dos monumentos máis significativos do municipio”.

## Desde o Concello soben as taxas da escola municipal de música

O Concello de Sarria vén de aprobar unha modificación de crédito por valor de 1,2 millóns de euros coa intención de pagar as facturas pendentes e abonadas co cargo ao remanente de tesouraría do ano anterior cos votos a favor dos concelleiros de Camiña Sarria e a abstención do resto de partidos políticos. Porén, Efrén Castro, do BNG, indicou que “o Goberno local debe mellorar na tramitación do gasto”, e o portavoz socialista Benjamín Escontrela criticou a “falta de control do gasto” que aparece nos informes de Intervención. Pola súa parte, Carmen José López rexeitou os recoñecementos extraxudiciais de facturas porque, di, “evidencian unha xestión irregular e incluso a partición de contratos para ir a outros de menos contía, sen ter en conta a obriga de actuar con transparencia”. Pola súa parte, o alcalde, Claudio Garrido lembrou que o Partido Popular na súa estadia no Goberno local propuxera unha modificación de 1,9 millóns de euros para afrontar débedas, polo que defendeu que “este tipo de accións son unha constante nos gobernos municipais porque son necesarias para asumir desembolsos que non estaban previstos no orzamento”. Ademais, Escontrela acusou ao alcalde de “acumular facturas” e a “ausencia total de procedementos de contratación” tras aprobar a modificación de crédito por valor de 55.617 e 22.396 euros financiadas, tamén, mediante o remanente de tesouraría. O portavoz socialista, ademais, votou a favor dunha moción presentada polo PP na que pedía crear



unha comisión de seguimento sobre a herdanza de Manuel Sobrado que deixou ao Concello valorada en 2 millóns de euros. A proposta saíu adiante porque o BNG se abstivo, aínda que non votou a favor, porque Efrén Castro sostivo que “esa comisión non aporta moito porque os fins da herdanza están claros e calquera decisión debe debaterse en pleno”. Para Carmen José López, o concepto de fins sociais “é moi amplo e sería bo que o uso dos fondos se aprobe por consenso e coa colaboración de todos os grupos políticos para darlle un uso axeitado da herdanza”. Por outra parte, o Concello de Sarria aumentará as taxas da escola municipal de música por levar moitos anos desactualizadas. Así, os ingresos anuais, de 31.000 euros, cubrían o 16 % dos gastos que xeraba, de 180.000 euros. Por iso, os prezos serán de 10 euros mensuais para as clases de linguaxe musical e movemento e de 20 euros mensuais para

as clases de instrumentos e canto. Ademais, as xornadas formativas terán un custo de 30 euros e os cursos e talleres de 60 euros. Así, a idea é aumentar os ingresos ata os 53.000 euros, sendo a entidade a que cubra o 30 % dos gastos xerados e o Concello asuma o resto, o 70 %. Aínda que a proposta foi aprobada, os distintos partidos políticos amosaron distintas opinións, xa que os socialistas, por exemplo, apuntaron a bonificar ao alumnado que curse dous instrumentos, mentres que o BNG cre que é “unha suba importante” pero valorou que se fixera unha proposta intermedia para o ben das familias. Pola súa parte, o PP criticou que non se lles tivera en conta para negociar dita suba. Finalmente, o pleno aprobou tamén as taxas do servizo de comedor da escola de Educación Infantil Xela Arias, sendo a nova taxa de 2,32 euros por comida e día aos usuarios fixos e de 3 euros aos esporádicos.

**PREFABRICADOS  
Y HIERROS  
TOURÓN**

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



**NUEVO  
SERVICIO:  
PLANTA DE  
HORMIGÓN**



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

**Prefabricados y Hierros  
TOURON, S.L.**

Vilar de Sarria, 34  
27614 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501  
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933  
email: hierrostouron@gmail.com

## A IX edición do Esmorga Fest celebrárase no mes de outubro

O Festival Esmorga Fest xa ten datas de celebración, sendo os días 25 e 26 de outubro cando se desenvolverá o evento de música indie. Desta maneira, esta será a novena edición deste festival que ten como finalidade seguir coa inclusión de bandas emerxentes de anos anteriores e seguir promovendo a alta participación da veciñanza e doutras persoas interesadas no evento.

Así, a planificación do festival mantense como noutras edicións, sendo a primeira xornada dedicada a disfrutar dos concertos na sala Litmar; mentres, o sábado, as actividades musicais desenvolveranse na Sociedade La Unión e á noite volverán á Sala Litmar onde rematará o evento. Desde a organización explican que o cambio de data do evento,



xa que se viña facendo a finais de maio, débese a que non conseguiron organizalo antes e que cada vez é máis difícil afrontar o custo de organizar un evento como este.

Con respecto aos artistas, quen seguir dándolle continuidade ás bandas emerxentes e na edición

anterior formaron parte do cartel 19 grupos de música indie como Los Punsetes, Toundra e Grande Amore; pero este ano as primeiras confirmacións dos organizadores son: Atención Tsunami, Shostwoman, Los Manises, Maquina, Músculo!, Mourn e Perro.

## Pídese un crédito a longo prazo de 615.000 euros



A Xunta do Goberno local de Sarria vén de acordar iniciar o expediente para pedir unha operación de crédito a longo prazo por un valor de 615.000 euros, que estaba ademais contemplada nos orzamentos deste ano 2024.

Esta cantidade de diñeiro estará destinada a financiar investimentos, como as obras de abastecemento da auga; para as que se supoñen 157.000 euros para a traída da auga de Treilán e Betote; mentres que outros 57.300 euros serán para o abastecemento de Rañoa, Santa María de Vilar, Crecente e Vilapedre; así como 47.100 euros serán para a traída de Calvario, Vilaesteva, Fondo de Vilaesteva, Fondo de Vila, San Salvador, A Pena, Penelas, Mezur e Rosende. Ademais do diñeiro específico para mellorar a traída, outra parte do investimento será para mellorar camiños e vías municipais cun presuposto de 75.000 euros; e tamén estará destinado o crédito ás cámaras de videovixilancia de tráfico con 44.600 euros e a dotar cociñas aos pisos en alugueiro social na Casa dos Ulloa.

Por outra banda, haberá tamén unha partida destinada á mellora de parques infantís con 18.000 euros, outra a rehabilitar escolas rurais, contando con 20.000 euros,

e para facer reformas na casa da cultura da vila, cun orzamento de 7.100 euros.

Pola súa parte, o Grupo Municipal Popular critica esta acción por parte do Goberno local, que "hipoteca o futuro do municipio". Segundo advirten os populares "este novo crédito agrava a situación de Sarria, que é o segundo municipio da provincia que máis incrementou a súa débeda no último ano".

Os concelleiros populares aclaran que "este endebedamento non se produce para acometer novos investimentos, senón para financiar actuacións que xa están en moitos casos executadas ou contratadas". Os representantes do PP consideran "preocupantes" as advertencias que recolle o Servizo de Intervención no seu informe de Control Permanente sobre o "incumprimento por parte do goberno local do obxectivo de estabilidade orzamentaria". Igualmente, advirte que se produce unha situación de "déficit orzamentario" que requirirá máis financiamento ao non materializarse as previsións dos ingresos previstos nos orzamentos. O servizo de Intervención tamén apunta a existencia dunha situación de "falta de control do gasto", o que, din, evidencia "a irresponsabilidade do responsable público".

## Vicky Pérez Penala será a pregoeira da Noite Meiga do 31 de agosto

A Noite Meiga de Sarria, que será o vindeiro 31 de agosto, xa ten pregoeira. Vicky Pérez Penala, que xa exerceu como presentadora de varios eventos da asociación cultural Meigas e Tragos, e que estivo presente en varias ocasións no pregón da festividade, será a encargada de abrir a cita.

A celebración servirá, un ano máis, para poñer en valor o colectivo que forma parte da esencia da vila, e levar ao máis alto a Sarria. A Noite Meiga celébrase na noite do último sábado de agosto, na sede do Centro Cultural Meigas e



Tragos, no Parque do Chanto e a celebración naceu no ano 1971 baseada nunha lenda que recolle a triste historia de amor entre un mozo e unha meiga. Dita celebra-

ción, que se leva a cabo cada ano, está en proceso de ser considerada Festa de Interese Turístico Galego, ao ser aprobada por unanimidade a petición da asociación.

**Rebollal - Leal**  
CLÍNICA CARDIOLÓGICA

### TU CARDIÓLOGO EN SARRIA

ESPECIALISTA EN HEMODINÁMICA Y  
CARDIOLOGÍA INTERVENCIONISTA

**Rebollal - Leal**  
CLÍNICA CARDIOLÓGICA

- Valvulopatías
- Insuficiencia Cardíaca
- Arritmias
- Cardiopatías Congénitas

- Cardiopatías Familiares
- Prevención Cardiovascular
- Hipertensión Arterial
- Dolor torácico

Nº Reg. Sanc C-27-001193

Rúa da Liberdade 111, Entresuelo C. Sarria - Lugo / Tel. 634 406 084

# A Feculera: O que podería ter sido, pero agora non será

As instalacións situadas no barrio da Estación de Sarria foron utilizadas como almacén municipal e como espazo cultural para actos e asociacións

A antiga fábrica de fécula, ou tamén coñecida como amidón na industria alimentaria, situada na rúa Ramón Cabanillas de Sarria; a Feculera, foi a sede da factoría de féculas de Sarria e púxose en marcha nos anos 40, sendo pechada e trasladada antes dos anos 60, cando os labregos deixaron de producir pataca debido á baixada de prezos, polo que foi limitada a produción ao autoconsumo.

Desta maneira, en 1957 comezou o desmantelamento da fábrica que se atopa xunto ás vías do tren ao non producirse xa a fécula e comezaron a facerse verteduras

cosa industrial, glucosa purísima e gluconato cálcico recristalizado. Desta maneira, as naves que formaron a Feculera de Sarria S.L. foron quedando baleiras e despois ocupadas por unha granxa de galiñas, que finalmente foi pechada tamén debido ás protestas veciñais por ser un foco de contaminación de salubridade, xa que o cheiro da granxa chegaba a toda a cidade. Logo diso, as instalacións tamén serviron como asentamento doutras fábricas, como a de mobles Babío, a fábrica de piensos de Vicenzo Chaos, almacéns e obradoiros; tal e como conta

pola venta dun piso en Madrid de José Sánchez Arias, quen deixou dito inmovible como herdanza ao Concello de Sarria por valor de 350.000 euros.

Con esta adquisición, o Concello de Sarria utilizou os 5.000 metros cadrados de superficie, divididos en diferentes naves, como espazo para usos sociais e culturais, así como para lugar como depósito de diferentes estruturas e máquinas de uso municipal.

Co paso dos anos, a Feculera serviu de escenario de actos culturais ou musicais, como actuacións do Sarria Blues, espectáculos de maxia, actividades deportivas... como tamén serviu para acoller produtos e campañas de alimentos para entregar a familias con poucos recursos económicos e tamén serve, aínda hoxe, como local público que disfrutaban algunhas das asociacións sarriás, como Rebuldeira Teatro ou é o lugar onde, ata febreiro, se daban as clases da Escola de Billar de Sarria.

Ademais de todo isto, o Goberno local de Sarria, representado polo alcalde, Claudio Garrido, tiña a intención de levar a cabo a construción dun auditorio -demandado cada vez máis polo sector cultural da vila- nas propias instalacións da Feculera por ter as dimensións necesarias e ser un lugar considerado "axeitado" para levar a cabo esta obra, xa que "a sociedade sarriá xa entende que a Feculera acolle accións culturais", así como a Casa da Cultura non ten cabida para toda a xente que acode a seguindo que actos.



Porén, o Tribunal Superior de Xustiza ditou sentenza con respecto a este tema despois de que o Partido Popular de Sarria denunciara a compra destas instalacións xa que o acceso á nave realizase por terreos privados e, ademais, atópase fóra de ordenación e enriba dunha vía proxectada nas normas urbanísticas.

Por isto, o xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Lugo ordenou que se cumpra a sentenza do TSXG pola que se anulou a compra efectuada polo Concello en 2024 por 300.000 euros e o Concello de Sarria, no último pleno, aprobou devolver as instalacións a Caixa Rural, o propietario anterior. Desde o PP explicaron que, "tendo en conta que o edificio está fóra de ordenación, só se podían facer obras de conservación e, por tanto, era inviable facer un auditorio, estando ademais prohibido o cambio de uso".

**A FECULERA, NO FUTURO.** Todo parece indicar que as instalacións daquela fábrica de fécula dos anos 40 seguirá sendo un lugar no que non se pode facer nada, así como Sarria seguirá necesitando espazos onde as asociacións como Rebuldeira Teatro e a Escola de Billar poidan desenvolver a súa actividade, así como

habrá que buscar espazos que, de non darse as condicións climáticas máis favorables, poidan acoller gran participación de público nun espazo pechado.

Juan Pedro Durán, profesor na Escola de Billar de Sarria que leva pechada desde febreiro debido á incerteza de non saber que vai pasar con ese espazo cedido polo Concello, di que espera que se arranxen as problemáticas e que o Concello chegue a un acordo co propietario das instalacións para poder seguir desenvolvendo o seu traballo alí ou, doutra maneira, que poidan darlles un espazo o antes posible para que as persoas que sigan interesadas no pool ou no snoker, poidan seguir practicando na súa vila.


Con respecto á problemática de construír ou modificar infraestructuras en Sarria, hai que lembrar que Sarria carece dun Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM), o que supón un lastre á hora de planificar a cidade e, ademais as normas subsidiarias son do ano 1986. A inestabilidade política que se vive na vila provoca esta situación, xa que en 2009 o actual alcalde Claudio Garrido, que tamén o era nese ano pero polo PSOE, presentou o seu proxecto de PXOM, pero quedou paralizado ata o día de hoxe.



sen depurar ao río Celeiro, o que produciu un conflito ecolóxico. Porén, o valor das instalacións, no seu momento, foi de 8 millóns de pesetas e o empresario Eduardo Martín Alonso solicitou á Xefatura de Industria de Lugo a autorización para trasladar a Astorga a industria de fabricación de féculas, amidóns, dextrinas, tapiocas, glu-

Xaime Félix López Arias, máis coñecido como Arlindo, presidente do Seminario de Estudos Sarriaos.

**NA ACTUALIDADE.** Con todo, e despois de moitos anos, en 2020 o Concello de Sarria decidiu mercar as instalacións da Feculera por 300.000 euros, unha compra financiada co diñeiro obtido



## REVESTIMIENTOS FONTAL

INTERIORES Y EXTERIORES EN YESO, MORTERO Y MONOCAPA • PLADUR Y REFORMAS

Plaza de Galicia, 6-8 SARRIA (Lugo)  
Tel.: 982 532 571 / Móvil: 629 924 572



**AUDÍFONOS RECARGABLES  
SIEMENS**  
*¡Y olvídense de las pilas!*

**Audio Sarria**  
CENTROS AUDITIVOS  
Nº de Registro Sanitario: E-27000398

- Revisións auditivas **GRATUÍTAS**
- Prueba de audífonos **SIN COMPROMISO** de compra

**FINANCIACIÓN**  
hasta 18 meses  
sin intereses



**\*SUPER GARANTÍA  
HASTA 5 AÑOS  
PARA PÉRDIDA O  
ROTURA**

C/ Matías López, 63-bajo | 27600 - SARRIA (Lugo) | Teléfono: 982 531 191 / 669 548 976 | audiosarria@gmail.com

# Reformarase o parque infantil do Chanto e a súa contorna

O parque infantil do Chanto, así como a contorna será o escenario dunha remodelación nun espazo de 105 metros cadrados e cun presuposto de 50.000 euros, dos que 35.000 proceden dunha subvención da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia. Con esta actuación, desde a Concelleira de Medio Ambiente, na que está á cabeza Borja García, queren promover un lugar accesible para todos os nenos e nenas a través da colocación dun pavimento de caucho de absorción de impactos, á vez que se potencia a inclusividade a través de cinco novos xogos: dous balancíns, un carrusel, un bambán con dous asentos e un areeiro.

O mantivo unha reunión coa Plataforma Diversa Infantil de Sarria co fin de analizar de que maneira sería máis axeitado reformar os parques, así como cales serían os mellores xogos para promover unha participación de todos os nenos e nenas de Sarria nestes parques infantís, independentemente das súas características físicas e psíquicas e xa se instalaran daquela dous novos xogos infantís, así como se mellorou a accesibilidade ao parque mediante



a colocación duns pivotes de separación na entrada para os coches.

Así, desde a Plataforma poñen en valor a disposición do concelleiro e animan a que se sigan tendo en conta ás familias da vila para seguir promovendo espazos públicos "cheos de participación e cada vez máis inclusivos". Ademais, tamén animan ás familias a mostrar as súas necesidades e que "non teñan medo a falar con nós para darnos ideas sobre cousas que son necesarias para as circunstancias dos seus pequenos, que podemos transmitirle ao Concello", sostén Noelia, da Plataforma Diversa Infantil de Sarria.

Desta maneira, di Borja García, "reformarase unha quinta parte do Chanto, aínda que a intención futura é reformar de forma integral o

parque do Chanto, un proxecto que ten de custo uns 450.000 euros". Ademais, os presupostos municipais contemplan unha partida de 50.000 euros para parques infantís, co fin de renovar os xogos dos diferentes parques da vila e facelos cada vez máis inclusivos.

"A idea é non só reformar os parques, senón tamén a contorna, sendo o máis inclusivos posibles, como o fixemos coa zona sen ruído ou baixada do volumen no San Xoán, no Entroido e no Nadal".

Por último, García adelantou que teñen en marcha un proxecto para cambiar a cartelería das entradas dos parques infantís con pictogramas para que sexan todos iguais e que se entendan ao estar unificados.

# Sarria cambiará o alumneado público en 4.442 puntos por led

O Concello de Sarria recibirá 2.943.955,41 euros pola resolución ditada polo IDAE que declara realizadas e conforme á concesión de axuda as intervencións previstas no proxecto de renovación do alumneado público municipal. Desta maneira, renovarase toda a iluminación pública de Sarria, substituíndose 4.442 puntos de luz por novos de tecnoloxía led de última xeración e elevada eficiencia, actuacións nos 392 cadros de mando, reducíndose a 319 e instalándose en 116 deles un sistema de telexestión. Ademais, e como consecuencia, diminuírse a potencia de 509,6kW a 186,9 KW, o que suporá un aforro enerxético do 74,4 %, "con todo o que iso supón no paso a unha economía baixa en carbono e o crecemento sostible", explican desde o Goberno local.

Así, ponse fin así a un proceso que comezou en 2019 coa presentación deste proxecto e a solicitude de subvención por

iniciativa de Camiña Sarria e que contou co respaldo do BNG. A total consecución dos fins perseguidos co proxecto "supón non só que Sarria sexa un municipio libre de carbono na iluminación das súas vías e edificios públicos, senón un acicate para procurar novos proxectos de renovación de infraestruturas que redunden en beneficio dos habitantes do municipio", conclúen.

**CRÍTICAS DO PP.** Desde o PP advirten que "o alcalde omitiu que hai preto de 800.000 euros facturados pola empresa concesionaria do mantemento e subministro do alumneado público de edificios municipais "a maiores do canon mensual". Polo tanto, pregúntase "onde está o aforro do que presume".

A portavoz, Carmen José López, pregúntase "a onde foron a parar os cartos que supostamente se aforrarián con esa redución". "O aforro vai parar ao marxe de beneficio da empresa", conclúe.



NOS GUSTA VERTE FELIZ Y...

MUY PRONTO CONSEGUIREMOS TU MEJOR SONRISA



- **DRA. IRIA GASAMÁNS.** Odontoloxía general, endodoncia y prótesis. Colegiada 27001306.
- **DR. ALFREDO RODRÍGUEZ GRANDJEAN.** Cirugía oral e Implantología. Colegiado 15001940.
- **DR. SAMUEL GARABAL.** Ortodontista. Colegiado 27001180.
- **ANISSA AMANCHAR.** Higienista bucodental. Colegiada 1674.

Rúa Pedro Sacro, 37



CLÍNICA  
OBRADOIRO  
DENTAL

PRÓXIMA APERTURA

## El Chico López lanza o seu sinxelo 'Shoganaí'



Gonzalo López Brouchoud, o cantautor arxentino afincado en Sarria desde hai catro anos, estrena unha nova canción producida xunto ao produtor paraguaio Marcelo Soler. Máis coñecido polo seu nome artístico El Chico López, Gonzalo lanza o seu sinxelo 'Shoganaí', unha canción con título

xaponés que fai referencia ás cousas que escapan do noso control e que non se poden evitar. Unha canción á que se suman as guitarras de Borja López, Hernán Colantuono no baixo e Olalla Losada nos coros. A canción, ademais, é un adianto do disco no que está traballando.

## Os catro festivais que fixeron vibrar Sarria nos últimos tempos

O Ultreia et Suseia, o Ribela Love and Nature, A Verbena Fest e o Sarria Blues fixeron vibrar a vila de Sarria entre o mes de xullo e os primeiros días de agosto, acollendo centos de persoas que quixeron desfrutar deste catro eventos. Así, o Ultreia et Suseia destacou polas súas narracións infantís, polos Contos Sonoros acompañados das Bandas de Música de Sarria e da Comarca; así como a Romaxe do Camiño. Pola súa parte, o Festival Ribela Love Nature "saíu moi ben, xa que no apartado musical foi espectacular e no apartado arte dixital foi un gran complemento, moitos dos espectadores pasaron horas contemplando as proxeccións, o que nos sorprendeu gratamente", explican



desde a organización do evento. Pola súa parte, O Meigallo acolleu a celebración da Verbena Fest, na que participaron Grande Amore, Carlangas, Grande Osso, Louband e Futuro Alcalde. E, finalmente, o Sarria Blues puxo a música jazz e o

blues como protagonistas con The Blues Moonshiners, Javier Turnes & The Hakemen, C.T. Powell, Martins Aneiros Band, The Dixie Blinders e a Banda de Música de Sarria, rematando coa proxección dun documental.

## O Partido Popular insiste en querer "aportar luz" no caso do matadoiro

O Grupo Municipal do Partido Popular de Sarria persóase como acusación no procedemento penal seguido ante o Xulgado de Sarria polo burato de 200.000 euros nas contas do matadoiro municipal para "coñecer os detalles do caso e defender os intereses dos veciños e veciñas para intentar aportar luz nun tema tan grave coma este.

Mentres, "o Goberno mostrou en todo momento unha actitude evasiva e, incluso, obstruccionista". De feito, "o alcalde pechou unilateralmente a Comisión de Investigación creada no seu momento a solicitude do resto de grupos municipais".



Os populares afean que "nin o rexedor nin o equipo de goberno mostraran nunca nin a máis mínima preocupación por chegar ao fondo deste asunto, algo que chama especialmente a atención tendo en conta que faltan 200.000 euros de cartos

públicos". Ademais, lembra que "o alcalde xa obviou, no seu momento, as advertencias que se fixeron por parte de Intervención sobre a grave irregularidade de que o cobro do servizo se levase a cabo sen o control necesario".

## O I Festival de Bandas Comarca de Sarria encheu a praza da Vila



O I Festival de Bandas Comarca de Sarria foi todo un éxito, segundo os seus organizadores, da Banda de Música da Comarca de Sarria, xa que a praza da Vila se encheu de público que quixo formar parte deste evento.

Así, a Banda de Música da Comarca de Sarria, co seu director Jesús López, músico de Sarria e director do Conservatorio Profesional da Coruña; e a Banda de Música O Landro de Viveiro, dirixida por Carlos Timiraos, músico natural de Viveiro, puxeron a música na vila de Sarria.

Co gran éxito desta primeira edición, desde a Banda sosteñen que haberá unha segunda edición o ano que vén, que servirá tamén para mellorar certos aspectos da organización do evento, así como reivindicar contar cun auditorio ou un espazo onde se poida facer fronte á meteoroloxía, tanto se fai moito sol como se chove; e tamén por cuestións acústicas. "Sempre soan mellor os instrumentos nun espazo habilitado onde non haxa ao carón un parque infantil. Hai que dicir que a culpa en tal caso é nosa por ir molestar ós nenos que están xogando tan tranquilos no seu espazo, pero gustaríanos contar cun espazo habilitado para facelo de forma axeitada", argumentan.

**CARNICERÍA**  
*Noda*

**TERNERA PAÍS RUBIA GALLEGA**

- Calidad Suprema •
- Tradición y Sabor •
- Cría tradicional •

**DIEGO PAZOS 91 BAJO, 27600 SARRIA**  
TFNO.: 689 412 953 - 982 533 052

**LIMPIEZAS ISABEL**

674 467 444  
641 171 951

- Comunidades de propietarios
- Post-obra de edificios y locales
- Pisos turísticos y albergues
- Garajes
- Comercios
- Cocinas de restaurantes
- Limpiezas en general

**PRESUPUESTO SIN COMPROMISO**  
isabelimpiezas@gmail.com



**SARRIA,**  
unha comarca con sabor



**Pontenova**  
mesón restaurante

Amplia terraza de verano  
Servicio de catering  
Comida casera  
Especialidad en carnes a la parrilla y caza

Tel.: 982 546 003

Catering\_meson\_a\_pontenova  
 Meson pontenova

**RIO LOYO**  
Restaurante



982 535 334  
697 491 756  
Calvo Sotelo, 124  
27600 SARRIA  
(Lugo)

**A Pulperia de Luis**

**Mesón Castro**

Domingo noche / lunes cerrado  
Amplia terraza de verano  
Comida para llevar

Reservas  
Cimo de Agra, s/n - Sarria / Tel. 982 041 697



**HOTEL & VEIGA**

Calle Compostela 61  
Samos - Lugo  
Reservas: 982 546 052  
[www.hotelaveiga.es](http://www.hotelaveiga.es)

• PRODUCTOS ECOLÓGICOS, HUERTO PROPIO  
• TERNERA GALLEGA SUPREMA  
• ASADOS EN HORNO DE LEÑA  
• ESPECIALIDAD EN CARNES A LA BRASA

RESERVAS:  
Telf. 982 546 063

Casa de Aza Padron



**A Fervenza**  
CASA GRANDE & RESTAURANTE

Tel: 982 15 16 30 - [info@fervenza.com](mailto:info@fervenza.com)  
Abiertos todos los días, carta elaborada con productos de proximidad  
Eventos y reuniones

**O MIRALLOS**

Comida Casera  
Cocidos por encargo  
Pollos camperos caseros  
(por encarga)

Mirallos 1, Paradela  
RESERVAS:  
TEL: 639 010 696

# Un Festival Internacional de Maxia de Sarria inesquecible

Falamos co organizador, Roberto Lolo, e con tres dos artistas e magos confirmados nesta edición: o mago lago, Román García e Bruno Tarnecci

O Festival Internacional de Maxia Vila de Sarria, que se celebrará os vindeiros días 22, 23, 24 e 25 de agosto, cumpre este ano 19 edicións consecutivas nas que o seu promotor, Roberto Lolo, achega a maxia á vila da man dos mellores artistas e magos do ámbito nacional e internacional.

Nesta edición, que se celebra os vindeiros 22, 23, 24 e 25 de agosto, serán 21 os profesionais da maxia os que sorprenderán a veciños e veciñas, así como ás persoas que se acheguen a desfrutar do evento. Desta maneira, estarán Er Mago Antonio, José Antonio El Barón, o arxentino Christian Miró, o ilusionista arxentino Mariano Goñi, Miguel Ángel Gea, Deimi Varela, o Mago Paco, Judith Triliri, Daniel Sánchez, Jessica Guloomal, Eduardo El Mago, o mago chinés Yao Xinge e Bruno Tarnecci, que tamén estará por primeira vez. Pero tamén haberá magos que están comezando no mundo da maxia, como Imanol, MagAldara, Magic Mateo, Alvar e o Mago lago.

**Como xurdiu a idea de organizar este festival?**

Eu, que son de Sarria desde os 5 anos que cheguei de Suíza, sempre sentín amor pola maxia e por calquera arte que supuxera entreter á xente. Por iso, de adolescente comecei a traballar como DJ la noite da vila sarriá e encantábame ver á xente desfrutar coa música, pero compatibilizaba iso cos espectáculos de maxia, ata que decidín profesionalizarme, grazas a Román García que me introduciu neste mundo e o trouxen a actuar aquí. Ao ver como respondía o público sarriao, propúxenlle facer un festival de maxia e, ao tirar de contactos, comezamos a traer a magos. Ata hoxe, podemos dicir que trouxemos aos mellores magos recoñecidos internacionalmente e así se foi creando un Festival recoñecido

por todos, pero o máis importante é que o disfruta a xente de Sarria, xa que eu o organizo como agasallo para toda a xente desta vila na que me criei e á que tanto quero. É unha forma de devolverlle o cariño á xente de todos estes anos. Ademais, cabe destacar o apoio do Concello de Sarria, da Xunta de Galicia e de todos os establecementos que colaboran para facer posible todo isto.

**Como evolucionou o festival?**

O festival medrou dunha forma incrible. Os primeiros anos tiñamos a 4 ou 5 artistas e o festival duraba dous días, pero ao ver como lle gustaba á xente, comezamos a traer a máis magos e aumentamos os días a 4, todo isto pola demanda e o cariño que nos mostrou sempre o público. Cada vez vén máis xente, e polo tanto traemos artistas máis importantes e internacionais que chegan de todas partes do mundo, creando un ambiente máxico. Así, é un festival propio de Sarria e somos todos unha familia. Eu vexo á xente feliz e gozando dos espectáculos e iso é o máis importante, que os nenos crezan coa maxia e que a xente sexa feliz e disfrute. Espero que se manteña esta harmonía e felicidade nesta edición e na seguinte, na que cumprimos 20 anos, xa estamos preparando algo especial, único e diferente.

Pola súa parte, Román García, mago da Coruña que leva toda unha vida dedicada á maxia, forma parte da organización deste festival desde o primeiro día.

**Roberto Lolo preséntalle como o seu mestre, considérase así?**

A min paréceme que o di con cariño e non lle quero quitar a razón. Cando me coñeceu eu xa levaba moitos anos no mundo da maxia e deille un pulso para profesionalizarse e coñecer o mundo desde dentro. É un pracer ter compartido tantos anos con el e no Internacional de Maxia.

**Leva 19 anos apoiando este festival, por que?**

Cando coñecín a Lolo, el viume nun número de maxia con Luis Piedrahita. Veu presentarse e pedíume vir a Sarria a facer un espectáculo e fun por primeira vez en 2004. Ese mesmo ano, díxome que quería facer un festival e que eu estivera presente e así foi e seguí formando parte do cartel as seguintes edicións porque Lolo sempre contou comigo e eu encantado. Eu pásomo fenomenal, tanto como mago como co público, e ademais veñen magos de referencia nacional e internacional e serve para aprender deles tamén.

Outro dos magos que levan acompañando en diversas edicións a Roberto Lolo neste festival é o Mago lago, de 11 anos pero que actuou no Internacional de Maxia Vila de Sarria aos 5 anos, polo que esta será a sexta vez que participe do evento. **É a sexta vez que actúa neste festival, como se sente?**

Aquí en Sarria síntome moi acollido por todo o público que é maravilloso e máis ao estar con magos con tanto nivel como os que veñen, dos que aprendo e o paso moi ben. Para min é un auténtico privilexio estar nun festival dese nivel e compartir vivencias e escenario con fenómenos da maxia. "Para un neno é un soño. Independentemente da tensión, é unha marabilla e un motivo para seguir traballando no mundo da maxia" (engade o seu pai, Iván).

**Como xorde a idea de facer maxia?**

Eu empecei na maxia cando tiña 3 anos, sempre quixen ser mago e Roberto Lolo descubriume nun concurso e me convidou a participar do Festival con 5 anos. Desde aquela, sigo todos os anos porque ao público gústalle o que fago e sácolles un sorriso. Este ano estamos barallando 2 ou 3 xogos de maxia, pero despois de 5 anos é difícil innovar, pero intentar sempre facer cousas novas en Sarria que o público o merece. Teño moitas ganas porque o público sempre nos trata maravillosamente e iso é satisfactorio e gratificante, como unha recompensa do esforzo ao facelo ben.

Finalmente, Bruno Tarnecci virá desde a súa terra natal, Perú, para deleitar ao público coa súa maxia por primeira vez na vila, destacando polos diversos recoñecementos a nivel internacional que premian unha vida dedicada á maxia.

**Por primeira vez no Festival, é unha gran oportunidade?**

Estou contento de poder traballar e



levar a miña arte, a miña proposta, a miña maxia a diversos lugares do mundo. Conto con 23 anos de experiencia e para min é un pracer e unha sorte viaxar por distintos lugares do mundo e presentar a miña proposta para que á xente lle guste o meu traballo. Non coñezo Sarria pero seguro que é xenial porque nos festivais de maxia hai boa onda e enerxía, e compartimos co público e tamén entre os magos. Aprendemos moito, nunca se deixa de aprender. Ademais, a maxia non só entretén, senón que tamén educa. **Pode desvelar algúns xogos de maxia do teu espectáculo?** Eu o que fago é maxia de elementos cotiáns como un bastón, un relox de area, unha pluma, cadros, un pano, unha chistera... un pouco de maxia clásica levada á maxia do elemento contemporáneo e maxia de escenario con técnica. Utilizo elementos de forma libre e doulles maxia. En Sarria, concretamente, vou facer un xogo cun bastón e outro cunha lanterna. O meu enfoque na maxia é poético e visual e espero que lle sorprenda á cidadanía da vila.

## PROGRAMA

### 22 de agosto

- 12.00h. Residencia con Roberto Lolo e Er Mago Antonio.
- 17.30h. Paseo do Malecón co Mago Paco.
- 18.30h. Moncho Moda con Samuel Moreno, Mago Imanol e El Barón.

- 19.30h. Travesía dos Soños con Deimi Varela e Er Mago Antonio.
- 20.45h. Calzados Gayoso con Alvar, MagAldara e Samuel Moreno.
- 21.30h. Café Bar Cubano con Imanol e Daniel Sánchez.
- 22.45 horas. Gran Gala Inaugural en el Meigallo con Mago lago, Roberto Lolo, Jessica Guloomal, Yao Xinge e Er Mago Antonio.

### 23 de agosto

- 11.30h. Paseo do Malecón con Judith Triliri e o Mago Paco.

- 12.00h. CAPD de Sarria con Deimi Varela e Alvar.

- 12.30 horas. Creados con MagAldara, Daniel Sánchez e Samuel Moreno e no Mercado Paladar Gourmet con Román García, Imanol e Er Mago Antonio.

- 18.00h. Montecarlo con Samuel Moreno, Magic Mateo e Mago lago.

- 19.30h. Hotel Alfonso IX co Mago Paco, Jessica Guloomal e El Barón.

- 22.30h. Gran Gala #SarriaesMagia no Meigallo con Magic Mateo, Judith Triliri, Mariano Goñi, Miguel A. Gea, Christian Miró e presentada por Román García.

- 01.00h. Gala Especial Noite de Maxia no Don Pepe, con Deimi Varela, El Barón e Yao Xinge.

### 24 de agosto

- 12.30h. 'Maxia no Camiño Francés' na praza Vigo con Roberto Lolo e Edu el Mago e coa colaboración do Camiño de Santiago Sarria-

- 17.00h. Malecón con Samuel Moreno, MagAldara, Magic Mateo, Alvar, Imanol e Judith Triliri.

- 18.30h. Casa da Cultura con Daniel Sánchez, Mariano Goñi, Román García e Miguel Ángel Gea.

- 21.15h. Gala de Maxia en Galicia Accesible en Lingua de Signos no Meigallo con Samuel Moreno, Roberto Lolo, Jessica Guloomal, Bruno Tarnecci e Edu el Mago.

- 23.45h. Gran Gala Nocturna de Maxia no Adarve con El Barón, Edu el Mago, Yao Xinge e Christian Miró.

### 25 de agosto

- 12.30 horas. Gran Gala Infantil #Todopolosorrisodunneno no Meigallo, con Mago Paco, Judith Triliri, Edu El Mago e Christian Miró.

- 18.00h. Unión con Magic Mateo, Jessica Guloomal, Mago lago e Daniel Sánchez.

- 22.30h. Gran Gala Final na praza da Vila, presentada por Roberto Lolo, e na que participan Mago lago, Yao Xinge, El Barón, Jessica Guloomal, Christian Miró, Edu el Mago e Bruno Tarnecci.

## PINTOR

PINTURAS HOGAR  
LATAS

tel.: 659 76 79 36

PINTURAS - BARNICES  
PERSIANAS  
PAPEL PINTADO  
TARIMA FLOTANTE

659 767 936

HOGAR  
CORTINAS - STORES  
RIELES  
ALFOMBRAS  
EDREDONES

C/ Benigno Quiroga,  
93-95, bj - 982 533 497

SARRIA (Lugo)



# O PP valorou o primeiro ano deste mandato do Goberno local

Os concelleiros do Grupo Municipal do Partido Popular fixeron balance do primeiro ano deste mandato do Goberno local de Camiña Sarria: "O goberno das subidas de taxas, as constantes irregularidades e o burato de 200.000 euros nos ingresos do servizo do matadoiro municipal". Os populares lamentan que "o primeiro ano deste mandato de Garrido estivese marcado polas irregularidades e unha falta de xestión que pretende que paguemos todos". Lembran que "Garrido iniciou xa este mandato coas irregularidades e a modificación ilegal do contrato da iluminación pública e que desde entón veuse producindo unha sucesión de despropósitos e situacións excepcionais como a perda da moción de confianza, a primeira en Concello de Sarria". Os concelleiros lamentan que "o Goberno de Camiña Sarria nin sequera dese explicacións de asuntos tan graves coma o burato de 200.000 euros no servizo do matadoiro municipal e que non se asumiran responsabilidades políticas respecto diso.



Carmen José López cre que "foi outro ano perdido para Sarria" porque "o goberno municipal non avanzou nos asuntos claves para o municipio". De feito, "as únicas propostas de Garrido ao longo deste ano foron as das subidas de taxas e a solicitude de préstamos".

**PRESIDENTA DA XESTORA.** Carmen José López foi ratificada como presidenta da xestora que dirixirá o PP de Sarria. O propio presidente saínte, Fernando Carlos Rodríguez, propoñía, ao mesmo tempo que formalizaba

a súa renuncia, á portavoz municipal como máxima representante da agrupación popular en Sarria para "unificar a dirección do Grupo Municipal Popular e do PP local nunha mesma persoa". Elena Candia, presidenta provincial do PP, agradeceu o traballo tanto de Rodríguez coma López, á que ademais lle desexou acertos nesta nova responsabilidade. "Carmen José está a traballar da man de veciños, afiliados e concelleiros nun proxecto serio pensando nun futuro ilusionante para Sarria", subliñou.

## Pedro Blanco puxo en valor o apoio do Goberno de España con investimentos en Sarria



O delegado do Goberno en Galicia, Pedro Blanco, destacou a aposta do Goberno pola mellora dos servizos públicos dos concellos do rural, que se traduce en 10 millóns de euros de investimentos en Sarria para avanzar na súa dixitalización e sustentabilidade. Pedro Blanco desprazouse ata a localidade para comprobar o impacto positivo dos proxectos financiados polo Goberno: "Esta axuda permite a substitución de preto de 4.500 puntos de luz por outros novos de tecnoloxía led, cun aforro enerxético do 75 %, reducindo a contaminación lumínica e a emisión de CO2".

O delegado destacou a aposta do Goberno co Plan ÚNICO-Banda Ancha, que posibilita a chegada de internet de alta velocidade, ou a achega da CHMS de 3,5 millóns de euros para mellorar o saneamento do Concello de Sarria. Finalmente, o delegado puxo de relevo a aposta polas comunicacións e a cohesión territorial, "pois Sarria beneficiase da renovación da liña Ourense-Monforte-Lugo, destacando "a nova senda peonil de ADIF para conectar as vías e o núcleo urbano de Sarria e o barrio do Mazadoiro, un reclamo veciñal histórico".



## ¡BIENVENIDO AL CAMBIO DIGITAL!

Soluciones digitales para que tu negocio crezca, ¡Desde 2.000 € hasta 12.000 €!


El Programa Kit Digital es una iniciativa lanzada por el Gobierno de España, con ayudas de entre 2.000€ y 12.000€, cuyo principal objetivo es subvencionar y ayudar a las PYMES en la implementación de soluciones digitales para conseguir un avance significativo en el nivel de madurez digital.

### Servicios relacionados con el Kit Digital:

- Diseño de página web y presencia en Internet
- Diseño de tienda online y comercio electrónico
- Gestión de redes sociales

**Somos mucho más que una agencia de publicidad  
Somos tus agentes digitalizadores en Sarria (Lugo)**

C/ Matías López N°38, Bajo G · (+34) 621 29 13 53 · [www.aitorsl.com](http://www.aitorsl.com)



# “Hai que facer ben as cousas para que a xente volva a ti”

Juan José Latas Seijas explica como é o traballo de xerente e pintor no negocio Pinturas Latas de Sarria, que leva en pé hai máis de 40 anos

## Cales son os inicios do negocio?

Pinturas Latas é unha empresa que levantaron meus pais hai máis de 40 anos, xa que aínda non nacera eu. Desde pequeno sempre estiven vinculado ao negocio porque axudaba moitos días aquí, pero asumín a responsabilidade de seguir ofrecendo os servizos hai arredor de 15 anos.

## Que servizos ofrecen?

Ofrecemos servizo de pintura tanto en infraestrutura exterior como en interior en vivendas unifamiliares como en outro tipo de inmobles. Tamén poñemos cartón xeso, máis coñecido pola súa marca Pladur, que é un material de construción que serve para a execución de paredes interiores e revestimentos de teitos e paredes. Tamén poñemos solos, tarima, chan vinílico, chan con illamento térmico... Ademais, temos unha tenda onde se poden atopar diferentes elementos de decoración do fogar, xa que aínda que non estamos especializado en decoración do fogar, moitas veces nos piden consello sobre como quedarían mellor algúns elementos nas novas paredes pintadas. Así, tamén colocamos cortiñas e facemos teas confeccionadas e a medida. Temos nun almacén detrás da tenda arredor de 700 pezas de tea para que a xente poida tocar a tea e saber que vai ter na casa, non só ver unha mostra.

## Que fin se persegue?

Nós temos como obxectivo ofrecer un servizo de calidade. Dedicámonos a pintar e tratamos de facer as cousas ben e con certo rigor, co fin de garantir unha calidade no noso

traballo, que é unha das cousas que lle gustan á xente de nós. Ademais, traballamos con outras empresas e xente formada, como decoradores, cos que facemos unha mellora integral nun espazo dunha vivenda, ofrecendo ao cliente un traballo máis completo.

## Falando dos clientes, como é o traballo con eles?

O noso sistema está baseado na calidade e en facer as cousas ben, polo que os nosos clientes están contentos. Quizais ao curto prazo non se ve o esforzo que levamos a cabo, pero a longo prazo nótase que a xente está contenta. Temos

po, cando teña que volver pintala, chamaranos a nós de novo, a pesar de que hai competencia.

## De que maneira se organiza o traballo en Pinturas Latas?

En Pinturas Latas traballamos cinco persoas como pintores, temos unha modista que cose e confecciona as teas e hai dúas persoas na tenda de atención ao público.

Desta maneira, traballamos durante todo o ano e a tenda está aberta de luns a sábados pola mañá sempre. Cando baixamos un pouco a carga de traballo é en inverno polas inclemencias do tempo, que non nos permite pintar en exterior



clientes fieis de hai moitos anos, xa que se lle pintamos a casa hai 20 anos e lle quedou ben e non tivo que chamar a ninguén neste tem-

res, e en verán é cando temos máis traballo. Así, traballamos en toda Galicia, Lugo, A Coruña, Santiago, Ourense, e logo fóra, ás veces tra-



ballamos en León ou Madrid de forma puntual. Cabe destacar que nos chaman para pintar e pídenos opinión que nos parece a nos e baseándonos na nosa experiencia e asesoramos a nivel decoración; a experiencia gánase cos anos.

## É necesario un lugar como este en Sarria?

Valoramos moito o negocio local e cremos que é necesario manter isto en Sarria, xa que mellora a economía da vila. Pero o mercado está saturado, a gran superficie e o mercado online cómenos, pero seguimos loitando por manternos e seguir consolidados en Sarria e en Galicia. Deberíamos ter protección desde a administración, xa que hai moitas familias que dependen deste estilo de vida. O Estado podía facer algo máis pola pequena empresa, xa que hai leis que non teñen en conta ao autónomo que ten un negocio pequeno. Eu traballo entre 12 e 14 horas diarios e dedícome en corpo e alma e moitas veces as axudas non chegan, polo que temos moitas dificultades. Cales son as maiores dificultades?

Son ben coñecidas por todos. A primeira é a falta de man de obra especializada, que é escasa tanto na construción como no sector da pintura e da decoración. Necesitamos xente que estea formada

e interesada no sector, xa que os traballamos disto estámonos facendo maiores e non hai relevo xeracional. Non hai especialistas en pintura, en fontanería, en electricidade e iso fai, á vez, que as cousas estean ben pagadas. Todo o mundo quere traballar nunha oficina despois de estudar unha carreira, pero hoxe en día o traballo na construción está mellor pagado porque ninguén o quere facer. Hai moita demanda de traballo e pouca oferta de profesionais, polo que os que se dedican a isto, gañan diñeiro, a menos que sexas autónomo. E eu teño dúas carreiras universitarias e traballei nunha oficina, pero decidín seguir os consellos do meu pai e estou orgulloso do que son. Ademais, estar neste sector non significa non formarse; nós estamos actualizándonos continuamente, estamos aprendendo porque as cousas cambian e avanza. Hai produtos e materiais novos e temos que ofrecer a máxima calidade ao cliente, polo que a xente queda contenta con nós. Os edificios novos son intelixentes e tes que estar formado para traballar aí. Hai que formar á xente na pintura e en outros sectores, hai que actualizarse, facer cursos, investigar e facer as cousas ben para que a xente regrese e volva a ti.

**PERMUY  
GESTIÓN**

**CORREDURÍA DE SEGUROS**

**¡40 AÑOS DE EXPERIENCIA  
ASEGUANDO TU TRANQUILIDAD!**

Obtén el mejor seguro al mejor precio con nuestro asesoramiento profesional.

¡No te pierdas nuestras ofertas de agosto!

Ven y descubre nuestras promociones especiales en productos de inversión y seguros de salud y decesos.

**¡TE ESPERAMOS!**

982 53 01 47  
982 53 50 63  
610 221 677

Rúa da Liberdade, 86 27400 SARRIA (Lugo)

# Adeus a Jorge López, o sarriao entregado ao Camiño Francés

Jorge López Rodríguez, presidente da Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Sarria, faleceu o venres, 12 de xullo, día no que foi despedido por familiares e amigos, así como entidades como a Fraternidade Internacional do Camiño de Santiago: "Lamentamos o falecemento do noso querido amigo, un traballador incansable sempre ao servizo dos peregrinos", firmaron desde a Fraternidade, facendo referencia á súa traxectoria como presidente da asociación ao servizo da veciñanza sarriá e aos peregrinos.

Pola súa parte, desde o Concello de Sarria tamén se lamentou o seu pasamento, defendendo que "foi un home que tanto traballou por e para os peregrinos e o Camiño de Santiago no noso pobo". Así, nas instalacións de Amigos do Camiño de Santiago na Comarca de Sarria, que están situadas na entrada da vila, sempre ofreceu, xunto coa traballadora Celsa Carballo, toda a información necesaria sobre a ruta do Camiño Francés, ademais



de selar as credenciais cando comeza a tempada, en marzo. Hai só un ano, Jorge López Rodríguez recibiu a consideración de socio de honra polo seu labor no Camiño Francés e cos peregrinos por parte do Círculo Chileno de Amigos del Camino de Santiago.

**DOR NA COMARCA.** Desde o Concello de Triacastela tamén lamentaron o "triste e prematuro falecemento de Jorge López, que foi o artífice da

unión entre Triacastela e a ruta de peregrinación xaponesa Shikoku Henro, cuxa unión se formalizou en marzo do ano pasado", explican. Ademais, din que foi "unha persoa entregada ao Camiño Francés, un firme defensor da súa importancia e unha man amiga para todos e todas as que percorreron esta ruta milenaria". Para rematar, sostiveron que o legado de Jorge López "seguirá vivo en todos os camiñantes e en todo o Camiño Francés".

# A Extensión de Sarria da Escola Oficial de Idiomas ten novidades



A Extensión de Sarria da Escola Oficial de Idiomas de Lugo presenta novidades para o curso 2024-25, xa que ademais dos habituais cursos oficiais de B1, B2.1, B2.2 e C1.1 en horarios de tarde ou tarde-noite, ofertan novos grupos. Concretamente, un único grupo de nivel básico A1-A2, que permite acadar a certificación de A2 nun ano; e un grupo de B1 semipresencial, con só unha clase presencial por semana e tarefas en liña. Tamén haberá novos obradoiros prácticos sen exames, un día á semana, para mellorar falando e

escoitando sobre diversos temas interesantes (viaxes, relacións persoais, tecnoloxías, educación, traballo, temas sociais, consumo, natureza, alimentación e vida saudable, cultura, actividades de lecer, etc.) dirixidos a quen queira entender máis e falar mellor inglés partindo dun nivel de B1 (monográfico destrezas orais B2 dos martes ás 6) ou de B2 (monográfico destrezas orais C1 dos mércores ás 18.00 horas). Xa está aberto o prazo de matrícula para cubrir as vacantes que quedan en todos os grupos.



**PIZZERIA PAPARAZZI**  
100% ITALIANI  
**¡¡OFERTAS ESPECIALES!!**

**-50%** en 1ª segunda pizza familiar  
**-25%** en 1ª segunda pizza individual

**Martes**  
Familias de Zambón e Bacon  
8€

Servicio a domicilio  
Rúa Diego Pazos, 30 - Balaz Sarria  
T. 982 012 026

**COMIDA PARA LLEVAR**

**cafe CUBAN bar**

**1º PREMIO**  
XV CONCURSO DE TAPIS  
TAPICHEO'22

Matias López 100, SARRIA - cafeteriabarubano@gmail.com  
Tfno.: 982 886 580

**TAPERIA J | JATO**

✓ Raciones a medida  
✓ Comidas por encargo

**COMIDA PARA LLEVAR**

AVDA BECERREA 15, SARRIA - 982.047.528



# TEMPO DE VERÁN

## “Estabamos na verbena contratando ás orquestras para o ano seguinte”

Especialmente no verán vese o resultado do esforzo de centos de comisións que loitan porque as tradicións non se perdan apoiándose nuns preparativos que comezan moito antes



### Lucía Blanco

Ir de porta en porta para xuntar o diñeiro, horas de traballo para pechar o programa, organizar xuntanzas para conseguir financeiro, xestionar as subvencións e meses de planificación cun único obxectivo: que os veciños e veciñas poidan gozar da celebración como é debido.

“A xente pregunta como facemos. Este ano estabamos vendo á París de Noia, que abría as festas, e no primeiro pase dous da comisión andabamos cerrando orquestras para o ano que vén”, explica Jairo López da comisión das Gándaras, en Lugo.

### AS GÁNDARAS, LUGO

A ese nivel chega a planificación. “Os veciños están empezando a desfrutar das festas e nós xa estamos pensando nas próximas”, detalla este mozo que leva 14 anos na organización da cita, un cargo que parece xa “vitalicio”. “Non che está asignado pero ou decides ti parar ou se é polos veciños probablemente non pares. No 2019 o meu compañeiro e eu anunciamos que íamos facer un parón porque levamos case unha

década traballando e non fomos capaces porque nos pedían seguir”.

Jairo, que conta con experiencia máis que sobrada, asegura que cada vez son máis complexos os preparativos. “As cousas empezaron sendo moito máis fáciles do que son hoxe en día. Principalmente porque cambiou o papeleo do Concello e tamén a normativa da Xunta en canto a festas no 2018, todo se foi complicando, que nunha parte é necesario pero costa”. A alta demanda en canto a formacións tamén os obriga a adiantar as contratacións. “Se queres conseguir unha orquestra como a París ou Cinema, necesitas unha planificación dun ano polo menos e sendo en marzo, se fora en xullo e agosto xa necesitarías un par de veráns como mínimo”.

Grazas ao seu esforzo lograron que o San Xosé sexa unha das celebracións referentes na cidade. “Nos últimos 14 anos medrou bastante, de ser unha festiña de barrio pequena que non viña ninguén, só os propios veciños, a ser unha das grandes aquí”. Pero non quixeron quedar aí, polo que os 7 membros desta organización tamén se animaron a volver a poñer no calendario unha tradición que levaba tempo desaparecida para o barrio, o San Xoán.

“Facíao a asociación de veciños e quixemos recuperala como unha xuntanza veciñal”. Pero a acollida que tivo sorprendeunos. “Ao final veu moita xente, non contabamos con que tivera tanto éxito. Estamos moi agradecidos porque todos des-

frutaron e mentres os veciños estean contentos non pode haber outra maneira”. Destaca que sempre contan co seu apoio. “Moitos colaboran con nós ao longo do ano, mesmo no San Xoán chegou o momento que se nos foi das mans e algúns arremangáronse e axudaron a botar a festa adiante”.

### O NOSO FOZ

Na comisión O Noso Foz tampouco descansan. Encárganse de organizar, xunto co Concello, algunha das citas máis consolidadas no municipio focense, entre elas o Entroido ou o San Lourenzo. Tamén colaboran nas Festas do Carme que se celebraron na vila, como vén sendo habitual, no mes de xullo, aínda que a súa preparación arrincou en agosto do ano pasado. “A organización foi dura, como todos os anos! Pero estamos rodeados de xente boa e moi válida que nos axuda sempre en todo o posible”, din.

O pregón, as verbenas, as presentacións literarias e as alfombras florais protagonizaron o programa porque o seu obxectivo sempre é “adaptar as patronais e as festas do concello a todos os públicos, que poidan desfrutar desde os máis novos ata os máis maiores”. Recoñecen que cada ano é máis complicado organizar unha festa, “aínda que tamén gañas experiencia”. Son sete nesta asociación que se renovou fai un par de anos e que enriquece a oferta cultural do municipio con propostas musicais, de teatro, danza, literatura, exposicións, homenaxes ou iniciativas para os máis cativos.

“Intentamos realizar sempre actividades para todos os públicos e repartidas un pouquiño por toda a vila, para que todos poidamos desfrutar delas durante estes meses de verán”. O esforzo “persoal e emocional” que



CLASES IMPARTIDAS POR UN:  
Multimedallista nacional  
Bicampeón de España absoluto  
Bronce Europeo 2019  
Campeón de Europa por equipos en 2021  
Mundialista en 3 ocasiónes, 2018, 2022 y 2023

Escuela de  
**TAEKWONDO**  
SARRIA

MEJORA DE CONDICIÓN FÍSICA  
AMISTAD TRABAJO EN EQUIPO DISCIPLINA  
CONFIANZA AMBICIÓN HUMILDAD RESPETO

@AC\_TAEKWONDO AC TAEKWONDO 664 765 985

ESPECIALISTAS EN  
**REFORMAS Y REHABILITACIONES**

**albisar**  
CONSTRUCCIONES Y CUBIERTAS

CUBIERTAS DE PIZARRA  
COLOCACIÓN DE PIEDRA  
ESTRUCTURAS DE NAVES  
EXCAVACIONES Y TRANSPORTES  
OBRA NUEVA

LG. VILAMEA, 2 - 27619 SARRIA - TFNO.: 616 212 698

conleva formar parte dunha asociación non pasa desapercibido para os integrantes. “Tes que inverter unha cantidade considerable de tempo para que as cousas saian. É unha responsabilidade tremenda e cada vez é máis difícil. É reconfortante traballar para a vila, pero tamén esgotador, quen diga que todo é positivo minte”.

Pero o agradecemento por parte dos focenses, aos que animan a tomar parte na comisión, fai que todo esforzo pague a pena. “Animamos aos veciños a unirse á asociación, seguro que entre todos se farían unhas grandes festas e fai falta aire novo aquí dentro. Temos que recoñecer que grazas á comisión coñecemos xente increíble e iso é algo que nos levamos con nós para sempre”, afirman.

## VILALBA

As patronais de Vilalba volven estar organizadas por unha comisión despois de varios anos nos que o Goberno local era o encargado dos festexos. Ramón, Vicente, Cristina, Sonia, Marta e Charlie deron un paso adiante para que os vilalbeses e vilalbesas non quedaran sen o seu ansiado San Ramón. “Estás esperando todo o ano polas festas, sobre todo o día 31 de agosto que vén xente que solo a ves eses días. Xa se nota no ambiente que se respira no pobo”, conta Vicente.

Ademais da financiación municipal, están a preparar o libro das festas e vendendo rifas para unha viaxe, sen data, valorada en 2.000 euros. “Tes que ir pedindo bar por bar, tenda por tenda e tamén facendo anuncios para que o pobo se implique. Xa non se pide casa por casa porque é unha loucura, pero estamos vendendo papeletas”, afirma Ramón. Andar, pedir, falar moito e días e máis días de dedicación, así se podería resumir o traballo. “Moita xente igual pensa que nos metemos na comisión para levarnos algo. E nós non levamos nada, ao contrario, estou co coche



de arriba para abaixo. E constituímonos como asociación, todo vai coas súas facturas porque queremos telo todo ben”.

O traballo comezou no mes de maio e foi preciso axustarse ao máximo aos recursos económicos cos que contan. “Co diñeiro que temos queremos pagar todo e se chega para algo máis mellor. Se contratamos nós as orquestras xa sabes máis ou menos ata onde podes chegar, pero como xa estaban contratadas temos que pagalas, non vas cambialas porque tampouco quedan moitas coa cantidade de celebracións que hai na zona nesas datas”, explica.

Foliadas, pasacalles, verbenas, actividades para os máis cativos, a Xira ou o Día do Traxe Rexional conforman a programación deste ano que segue a fórmula tradicional. “É complicado facelo todo, temos por exemplo o Certame Literario que cumpre 50 anos e temos que axudar a que saia en condicións”. Porque a súa razón de ser é clara: “Estamos loitando para que os veciños teñan unhas festas e se xunten cos seus seres queridos”.

## OURAL, SARRIA

Asumir a responsabilidade nunha parroquia tampouco resulta nada doado. “Este ano quedamos dous á fronte, normalmente

saen catro e dos catro que saíron máis dúas reservas non quixeron”, conta Javier Coto que, xunto con Jose, conforman a pequena comisión da parroquia sarriá de Oural, aínda que a experiencia venlle de familia. “Fai 40 anos os nosos pais estiveron na comisión. Nós somos amigos desde pequenos, así tamén discutimos menos —comenta entre risas—. Xa fixemos a festa fai 20 anos, aínda que non quedamos moi contentos co que se puido facer daquela e decidimos entre os dous facelo mellor esta vez dentro do que se pode”.

Pecharon o programa no mes de novembro para as festas que celebran en xullo, pero ao longo do ano non cesaron na súa actividade. “Non é fácil, en moitos pobos igual se dan cotas máis grandes pero eu entendo que non se pode, aínda que se se quere ter festa hai que xuntar cartos”. Por iso organizaron o Magosto en novembro con sesión de Dj e música tradicional. “Foi moi ben, pero metémonos en moito gasto entón a ganancia foi pequena. Así que en abril tivemos a Festa da Xuventude e trouxemos charangas que nos cedeu a Deputación e un dúo. Contamos tanto co apoio dos veciños como moita xente que non era do pobo que veu e quedamos moi contentos. Non temos queixa ningunha”.



Precisamente, o factor económico, recoñece, preséntase como o maior reto. “Xuntar os cartos faise duro. Facer unhas festas nas que a metade do presuposto ou mesmo un 60 % se xunta fóra do pobo supón moitas horas pedindo. Neste caso, todo o mundo dixó que lle gustara o cartel pero tampouco se pode facer moito máis porque o prezo das orquestras é o que é e moitas das que están collidas xa sería inviable traelas tamén. Tivemos unha pequena colaboración da Xunta e todo axuda”. As mans non sempre chegan, polo que tanto Javier como Jose están moi agradecidos as súas mulleres, xa que “sendo solo dous sería imposible”. Xunto coas horas de dedicación e o esforzo, hai que compatibilizalo coa rutina, destaca este camioneiro. “A idea de facer unha festa é traballar ao final vas sacando tempo de onde podes, é un ano e intentamos levalo o mellor que podemos”. Javier queda tamén co gran apoio do seu compañeiro. “Nós que somos amigos desde pequenos e vivimos no mesmo pobo pois serviunos para xuntarnos case todas as semanas. Dícímolo moitas veces, valeunos para coller un hábito que non debemos perder porque sempre andivemos xuntos e queiras que no co tempo valo perdendo”.

Son meses de planificación cun único obxectivo: que os veciños e veciñas poidan gozar da celebración como é debido

¡RETAPIZAMOS TU VIEJO SOFÁ!

**Tapisa, s.l.**

TU FÁBRICA DE SOFÁS A MEDIDA

982 533 165  
646 599 185  
Crt. Comarcal 546, km 21 Sarria

**CARPINTERIA METÁLICA**

NUESTROS TRABAJOS EN TODA LA COMARCA DE SARRIA NOS AVALAN

- PUERTAS AUTOMÁTICAS • ACERO INOXIDABLE
- ESTRUCTURAS METÁLICAS • ALUMINIO SOLDADO
- ACERO CORTEN • REPARACIONES MAQUINARIA AGRÍCOLA

**VIMETAL**  
TALLERES

¡Llámenos y le informamos sin compromiso!

Camilo Francés 43, 27600 Sarria - Lugo  
Fran: 699 823 746 / Jose: 669 951 703 • vimetalsarria@hotmail.com

# COMARCA

## A Deputación destina 800.000 euros á mellora de estradas provinciais en sete concellos

A Xunta de Goberno da Deputación aprobou novos investimentos por un total de 800.000 euros para realizar obras de acondicionamento e mellora en sete estradas provinciais ao seu paso polos concellos de Barreiros, Pantón, Paradela, Baralla, Lán cara, Sarria e Vilalba. Concretamente, o deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, avanzou que “segundo na liña de mellorar a mobilidade no conxunto da provincia, hoxe aprobamos sacar a licitación por algo máis de 400.000 euros o arranxo de tres vías en Barreiros e Pantón”.

No caso de Barreiros, mellorárase algo máis de dous quilómetros da vía LU-P-0611, que vai dende o Barrio Novo ata a Praia de Coto, e as obras realizaranse desde o inicio da estrada cun orzamento de preto de 225.000 euros. No caso de Pantón, a Xunta de Goberno acordou licitar a mellora de dúas estradas cun orzamento conxunto de preto de 177.300 euros para a LU-P-4107, que une Segade coa aldea de Marce, e á LU-P-4106, que vai desde a zona do Carme ata O Curro. Rivera Capón informou que “tamén aprobamos a adxudicación por preto de 400.000 euros para a mellora de catro vías que afectan aos municipios de Paradela, Baralla, Lán cara, Sarria e Vilalba”. Nesta liña, o deputado salientou o “gran esforzo investidor que realizamos desde a institución provincial para manter e mellorar a nosa rede via-



ria que, con máis de 4.200 km de lonxitude é a máis extensa de todas as Deputacións de España”. En concreto, acordouse a adxudicación, por máis de 90.000 euros, á empresa Construcciones Carballeira SL, das obras de mellora da LU-P-5709 de Paradela, a estrada que conecta a parroquia de Santa María coa de Castro de Rei de Lemos. O proxecto afecta ao tramo comprendido entre o quilómetro 10,7 e o 13,8, e consiste na reapertura de cunetas, na reparación dos afundimentos e outros desperfectos da vía, na pavimentación e na reposición da sinalización vertical. O prazo de execución é dun mes. Ademais, tamén foi adxudicada á empresa Grupo Bascuas 2008 por un importe que supera os 110.000 euros o acondicionamento da LU-P-0503, que une Baralla e Lán cara, e as obras afectarán á totalidade

da vía, ata o punto quilómetro 10,5. Consistirán na reapertura de cunetas, na reparación de desperfectos e na pavimentación. O prazo de execución é dun mes e medio. En Sarria, adxudicouse a esta mesma empresa a mellora da LU-P-5713, que vai desde Sarria ata a parroquia de Piñeira, cun investimento de 101.335 euros. Este proxecto inclúe a renovación do treito que vai desde o inicio da vía ata o punto quilométrico 1,8. O prazo de execución é dun mes e levarase a cabo a reapertura de cunetas, labores de drenaxe, a pavimentación e a sinalización vertical. Por último, no municipio de Vilalba, adxudicouse á empresa Cholo SL por algo máis de 76.000 euros o arranxo dun tramo comprendido entre os quilómetros 0 e 4,3 da LU-P-6516, a vía que une Piño con Rilleira por Outeiro.

## A Mancomunidade do Camiño Francés controlará os peregrinos



A Mancomunidade de Municipios Galegos do Camiño Francés porá en marcha unha nova plataforma turística intelixente cun sistema para contabilizar os peregrinos que pasan pola ruta, ademais de crear unha aplicación móbil e unha páxina web e levar a realidade virtual a bens dos once concellos polos que pasa. O proxecto, baixo o nome de Camiño 360º, vén de saír a licitación por 751.000 euros e está financiado polos fondos Next Generation a través do Ministerio de Industria e Turismo. Concretamente, o sistema de control de fluxo das persoas que pasan pola ruta xacobeá permitirá obter datos e estatísticas do número de peregrinos que percorren os diferentes concellos a través dun sistema de cámara de videovixilancia, podendo coñecer o número de persoas que pasan por un punto

concreto a tempo real. Ademais, un recurso turístico de cada concello será dixitalizado para que os visitantes poidan coñecer antes de pasar por eles, podendo acceder a unha videoguía, audioguía ou signoguía, dirixida a persoas con dificultades auditivas. Desta maneira, combinarase a realidade virtual e aumentada para que o peregrino poida coñecer ditos recursos a través do seu teléfono móbil, vivindo unha experiencia inmersiva e podendo crear novos espazos de interacción. A alcaldesa de Triacastela e presidenta da Mancomunidade, Olga Iglesias, di que Camiño 360º busca adaptarse ás novas tecnoloxías sen perder a esencia milenaria das peregrinacións, innovando á vez que se manteñen os valores do Camiño de Santiago

C-27-000501

**logopedia** Centro de **logopedia** M<sup>o</sup> del Mar Tourón 09 de setembro 13/2008

Y TÚ ¿CÓMO HABLAS?

**TRASTORNOS**

- MIOFUNCIONALES
- AUDICIÓN
- LENGUAJE ORAL Y ESCRITO
- HABLA
- VOZ

**NIÑOS Y ADULTOS de 0 a 99 años**

Rúa Pedro Saco, 35 Entlo. 27600 Sarria  
Tfno.: 669 260 537 m\_marll@hotmail.com

**GESA ENERGIA**

ASESORAMIENTO ENERXÉTICO A PARTICULARES E EMPRESAS PARA MAXIMIZAR O AFORRO NAS FACTURAS DE LUZ E GAS

Axudámosche a optimizar as túas facturas de enerxía?

Escanee este código QR e envíenos a túa factura de luz/gas para facerche unha comparativa de aforro personalizada:

Entra e infórmate!  
982 876 681  
sarria@xenera.com

**XENERA** COMPAÑÍA ELÉCTRICA

A principal comercializadora de enerxía 100% galega. Concedida de 100 anos de licenza.

GESA ENERGIA Colaborador Oficial de **XENERA**

## Autónomos poderán actualizar os datos na Seguridade Social

Preto de 5.000 persoas dadas de alta no Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) da provincia recibirán unha comunicación para que actualicen os seus datos de contacto e dirección de correo electrónico na Seguridade Social. As persoas afectadas recibirán unha mensaxe SMS a través dos seus móbiles ou unha carta postal “nas próximas semanas, de forma gradual para evitar colapsos”, explicou a subdelegada do Goberno, Isabel Rodríguez. A mensaxe será: “Regularización cotización RETA 2023. Debe comunicar o seu correo electrónico para evitar incidencias na próxima regularización na ligazón”.

paradela

## A cuberta do pavillón municipal polideportivo será renovada

O Concello de Paradela renovará parte da cuberta do pavillón polideportivo a través dunhas obras que vén de sacar a licitación por un valor de 56.224 euros que será financiado por unha subvención da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta, concretamente do fondo de cooperación local destinado aos concellos con poboación inferior aos 15.000 habitantes. Desta maneira, o pavillón deportivo será renovado na súa cuberta, aínda que sería necesario, segundo indican, o peche exterior da fachada e a reforma do tellado dos vestiarios, pero a limitación da subvención posibilitará só o arranxo da cuberta, que é de chapa sinxela sen illamento adicional e ademais



atópase en mal estado. Por iso, hai numerosas filtracións de auga que producen goteiras. Así, as obras incluírán a substitución da cuberta por unha de panel *sándwich* para mellorar a súa eficiencia enerxética e o benestar dos traballadores e usuarios,

reducindo ademais a factura eléctrica, colocando tamén paneis translúcidos e tamén se podería instalar un cano de aluminio. Os traballos teñen un prazo de execución de tres meses, aínda que a data límite para o remate será o 15 de novembro.

## Carlos Rodríguez xa é director de Música do St. Edmund College

Carlos Rodríguez Otero, fillo de Santiago Rodríguez, Fillo Adoptivo de Paradela, e neto do Fillo Predilecto Manuel Rodríguez López; vén de ser nomeado director de Música do St. Edmund College da Universidade de Oxford (Reino Unido), coñecido popularmente como "Teddy Hall", que se considera a máis antiga sociedade para a educación de calquera Universidade. Carlos Rodríguez participou como músico desde moíno nos actos do Certame Literario paradelense, polo que desde o Concello de Paradela felicítouse e mostrou o seu orgullo polo vencello do destacado músico e musicólogo,



ao que desexa os maiores éxitos, con Paradela. O St. Edmund College dá importancia á música dentro da súa actividade, e Carlos Rodríguez terá, entre as súas responsabilidades centrais, a dirección do Coro da en-

tidade, e o desenvolvemento dunha escena musical inclusiva e vibrante. O seu primeiro traballo consistirá na dirección da xira anual do coro á Abadía de Pontigny na Borgoña francesa o próximo mes de setembro.

triacastela

## Volven os investigadores a traballar na Cova Eirós



O equipo de investigación conformado por alumnado da Universidade de Santiago de Compostela, de Oviedo e Madrid e guiados polo codirector dos traballos, Arturo de Lombera, volve á Cova Eirós de Triacastela. Desta maneira, porán en marcha unha nova campaña de tres semanas nas que recuperarán o ritmo de investigación arqueolóxica que se levaba a cabo antes da pandemia pola Covid-19.

Dous grupos de investigadores, divididos en dúas quendas de 16 persoas, continuarán a escavación do xacemento, concretamente na entrada da cova e no nivel catro,

que se corresponde co Paleolítico Medio. Ademais, realizarán novos traballos na Gruta dos Locos, que se sitúa no monte Penedo, na parroquia de Canelo.

Ademais, outro dos obxectivos desta nova campaña de investigación é estudar a arte rupestre do interior da Cova Eirós, xa que é o tema central da tese de doutoramento da investigadora Tania Mosquera. Así, este ano revisarán a gruta para ver se descubren se hai motivos artísticos para catalogalos e rexistralos de maneira fotogramétrica para desenvolver un estudo das manifestacións rupestres da Cova Eirós.

## O PSOE denuncia a falta de transparencia do Goberno local

O Grupo Municipal Socialista de Triacastela manifesta a súa profunda preocupación e descontento ante "a continua falta de transparencia democrática do Concello de Triacastela".

O seu voceiro, Miguel Ángel Fernández, apunta que "tras varios anos de reiteradas solicitudes de información crucial para a fis-

calización da xestión municipal, seguimos sen obter resposta algunha. Levamos varios anos solicitando por rexistro que se nos facilite información e nunca se nos contesta nin se nos remiten eses datos. Temos preguntando no Pleno e contestáronos que non tiveran tempo a buscar información", alerta o socialista.



# INVISTE EN PARADELA

FAI REALIDADE O TEU PROXECTO: VIVEIRO DE EMPRESAS E POLÍGONO INDUSTRIAL.



## A Xunta aprobará o plan básico municipal



A Xunta de Galicia aprobará o plan básico do Concello de Samos de maneira inicial despois de emitir o informe ambiental estratéxico por parte da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, polo que se establece que dito plan non ten efectos significativos se se atenden ás condicións establecidas.

Así, o plan básico municipal supera a avaliación ambiental, atendendo a que no solo urbano de Samos deberán respectarse as limitacións aos usos en zona inundable e coa recomendación de buscar solución para minimizar o impacto visual das medianeiras. Ademais, tamén recolle a prevención de medidas necesarias para evitar a aparición de novas edificacións discordantes coa arquitectura tradicional e reforzar as medidas de integración paisaxística.

Por outra banda, a Xunta de Galicia suxire integrar unha masa arbórea de coto redondo e outros 39 elementos forestais, a Reserva da Biosfera Ribeira Sacra e Serras do Oribio e do Courel, os elementos do rexistro de zonas protexidas do

plan hidrolóxico do Miño-Sil e unhas sendas panorámicas.

Ademais, deberán completar o catálogo de bens do patrimonio cultural e adaptar a normativa e ordenanzas do plan básico municipal ás características particulares do Concello.

Despois disto, o seguinte paso é a tramitación do plan, para o que o equipo redactor do documento avaliará e analizará o resultado das consultas do trámite ambiental e integrará as condicións do informe no documento para despois proceder á súa aprobación, someténdoo a información pública durante dous meses, nos que os interesados poderán presentar alegacións. Mentres, a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas solicitará ás administracións os informes sectoriais preceptivos para conseguir a aprobación definitiva, e outro ao propio Concello de Samos. Xa, unha vez dado o visto bo da xunta consultiva en materia de ordenación de territorio, será aprobado definitivamente pola Consellería.

## O 11 de agosto terá lugar a XXIV Feira de Produtos Artesanais

A Asociación de Comerciantes e Artesáns de Samos organizan unha nova edición da Feira de Produtos Artesanais, concretamente a XXIV, o vindeiro 11 de agosto. Nela haberá demostración de obradoiros, actuacións de grupos de música tradicional e tamén actuación de grupos folclóricos. Por segundo ano consecutivo, e despois de non celebrarse durante 4 anos, a festa ten como fin consolidarse como unha cita que atraia turismo a Samos de toda a comarca de Sarria e da provincia de Lugo. Ao igual que o ano pasado, ademais dos postos de exposición de artesanía, libros, complementos, obxectos decorativos e produtos gastronómicos locais, haberá tamén obradoiros de cerámica, torno en madeira e cestería. As actividades contan coa colaboración do Concello



de Samos e da Deputación de Lugo. Ademais, como antesala deste evento, este ano súmase unha actividade que será a antesala desta celebración, e é a primeira festa das sopas de burro canso, que terá lugar o 10 de agosto. As sopas de burro canso son unha receita tradicional composta por viño, pan e azucre que se lle ofrecerá de forma especial a todos os peregrinos que pasan por Samos

no seu percorrido polo Camiño Francés, aínda que tamén poderán desfrutar deste prato aquelas persoas que se acheguen ao municipio.

Así, coa intención de honrar este preparado co que se curaban as maniotas despois de duros traballos no campo, as sopas de burro mostrarán aos peregrinos os produtos típicos que había nas casas galegas, o pan e o viño.

## Melloraranse os camiños en Teivilide, Lourido e Suñide

O Concello de Samos aprobou unha modificación de crédito por un remanente de 68.329 euros para a mellora de camiños. Deste xeito, levaranse a cabo obras en Teivilide, Lourido e Suñide e tamén se poñerá en marcha un estudo de rede municipal de estradas

En Teivilide e Lourido levaranse a cabo obras que superan os 100.000 euros e as obras consistirán na renovación da pavimentación das vías no interior destes núcleos e nos accesos. As melloras están incluídas no plan de rehabilitación de camiños en



zona de concentración parcelaria e terá un custo de 49.714 euros para o Concello. Tamén se renovará o pavimento no camiño que une o lugar de Francos á igrexa da parroquia de Su-

ñide, cun custo superior aos 30.000 euros, dos que 5.828 euros serán proporcionados polo Concello. E vai-se realizar un estudo sobre as estradas que pertencen á rede municipal.

**Supermercados PARADELA**

**Su supermercado de confianza**  
Servicio de carnicería

Calle Cabaleiros de Santiago, 77 Bajo  
27611 PARADELA / Telf.: 982 541 532

**maderas grandas**

MADERAS Y DERIVADOS  
PUERTAS  
ARMARIOS  
COCINAS Y COMPLEMENTOS  
TABLEROS Y TARIMAS

San Julián de la Vega s/n, 27614 SARRIA (Lugo)  
Tel. 982 533 505 - Fax 982 531 731  
www.maderasgrandas.com | info@maderasgrandas.com

## A mostra 'Os Vieiros de Asorey' xa está exposta

Do 2 ao 23 de agosto, o Concello acolle na praza Vergara Vilariño, a exposición 'Os Vieiros de Asorey', con motivo de que A Real Academia Galega de Belas Artes dedica o Día das Artes Galegas ao escultor cambadés Asorey polo 175 aniversario da entidade. Así, contribúese á difusión da obra do escultor, e achegándoa á veciñanza para que todo o mundo poida desfrutala.

A exposición, ademais, incluírá textos de Felipe-Senén, mentres que o comisario e as fotografías foron feitas por Xurxo Lobato.



# Samos

## Miguel Gallego representa o Partido Popular do Concello desde o ano 2023

Miguel Gallego representa o Partido Popular de Samos desde que encabezou a lista nas eleccións municipais de maio 2023, sendo fillo do anterior alcalde, Julio Gallego, que gobernou o municipio desde o ano 1997 representando ao Partido Socialista. O portavoz popular explica que “o tema da política e o servizo aos veciños son temas principais que sempre se trataron na miña casa. Mameino desde sempre e os meus ideais sempre foron de dereitas, polo que nas eleccións municipais presentei a miña candidatura polo PP, funme achegando porque eu teño moitos amigos que estaban metidos no PP que me dicían “por que non te unes”, e aproveitei. Como calquera cousa na que te inicias, dá sempre un pouco de ímpeto e emoción de poder representar ao Partido Popular no meu Concello”, explica.

**O PAPEL DA OPOSICIÓN.** Para Gallego, o papel principal da oposición en Samos é “poder falar cos veciños e levar as súas reivindicacións ao Concello, pero tamén é un labor de controlar ao equipo de Goberno, sobre todo na parte económica, porque está sendo un pouco desastre. Non se están cumprindo cos servizos básicos e o noso labor é velar polo cumprimento das contas. Nós denunciámos que o SAF se está precarizando, pero tamén que non se está a cumprir coas rozas e moitos pobos están

en completo estado de abandono”, denuncia. Así, di que eles teñen un trato próximo con veciños: “Dinnos as súas reivindicacións e levámolas aos plenos en forma de mocións, preguntas, rogos... E tamén nos queixamos da situación a través das notas de prensa que mandamos aos medios de comunicación”. Por outra parte, cre que o seu partido axuda a mellorar a vida dos veciños porque reivindican as necesidades do Concello nos plenos e, ademais, “se os veciños necesitan algo máis a maiores, comunicámonos coa Xunta de Galicia e conseguimos cousas, como os cartos para arranxar a pista de Aián e a de Frexulfe. Pedimos xa 30 mil euros para arranxar a Ruta de Fiz Vergara Vilariño e máis obras en trámites, como arranxos no monte e en pistas forestais”, argumenta Miguel Gallego.

**A POLÍTICA, NO PERSOAL.** No ámbito máis íntimo, Gallego opina que “o tema da política ten que ser vocacional”, xa que “tes que dedicarlle tempo e dedicarte á vida política municipal, polo que invistes o teu tempo e o teu diñeiro”, pero destaca que eses sacrificios compénsanse porque “coñeces aos veciños, vas a eventos e a longo prazo axudamos a que algunha queixa dos veciños poida ser escoitada e así se responde as súas necesidades. Desta maneira, ves como o Concello medra e progresa, e iso é unha gran satisfacción”, defende. Persoalmente, Gallego explica que non ten “grandes obxectivos políticos; eu quero mellorar Samos, ese é o meu obxectivo; é o lugar onde me criei, onde traballo, onde levo toda a vida e quero revitalizar o Concello para que sexa un referente na provincia e para que se asente poboación”. Por outra banda, considera que a política de pactos, se se fan, “deben ser polo ben do



Concello, non como os que fai o Goberno central, que parece que ten uns pactos estables pero non é así, porque se tes que facer cesións, non ten sentido, porque ao fin ao cabo se para mellorar a vida de 5 veciños, tes que empeorar a vida de 10... Obviamente, se hai un proxecto de estabilidade, nese caso si, pero para facer cesións e inestabilidade, non”.

**AS NECESIDADES.** Finalmente, falando sobre as necesidades do Concello de Samos, o representante da oposición opina que a decadencia principal é o despoñoamento rural pola perda de servizos. “Perdemos a gasoleira do concello, pero tamén é notable a precarización dos servizos, como o Servizo de Atención no Fogar, do que xa demos conta en diversas mocións, xa que non se está a cubrir o servizo os días que piden as traballadoras por asuntos propios e os maiores din que moitas veces perden varias horas de servizo, pois se falta a traballadora non aparece ninguén a substituíla, de xeito que algúns que viven sos, teñen que apañarse como poden”,

explica.

Ademais, di que é notable “o abandono dos pobos, que non se desbrozan, o Concello non está no estado que debería e ademais o Goberno debería sacar plans de emprendemento”.

Así, di que se el estivera no Goberno local, faría un plan para atraer empresarios e autónomos, xa que o forte do municipio é a gandaría e os servizos. “Hai que abrir novos negocios no centro, que a xente nova veña traballar nas explotacións, recuperar a gasoleira, promover o servizo de desbroce e da mellora das estradas... Hai un tractor, hai xente para traballar e a alcaldesa rexeitou a brigada de incendios, polo que ela reduce servizos”, sostén. Con todo, critica que o Goberno local “é todo fotos, desbrozan tres silvas e o resto das estradas seguen con silvas, e non é algo que diga eu, son os veciños. Eu vivo aquí e eles viven en Sarria. É necesario que vivas por aquí e pases por todos os pobos para ver as necesidades, que coñezas os pobos e á xente, e polo menos nós sabemos as necesidades que hai de primeira man”, conclúe.

“Eu non teño grandes aspiracións políticas, só quero revitalizar o Concello e atraer poboación para que Samos sexa un referente na provincia”



### SONDEOS CORDERO

Especialistas en pozos de barrena

Más de 30 años de experiencia trabajando en la comarca de Sarria

- Distintos diámetros de perforación desde 125 mm hasta 200.
- Electrobombas solares y eléctricas.
- Hacemos pozos dependiendo de las necesidades de cada cliente.

**¡PIDANOS PRESUPUESTO SIN COMPROMISO!**

Tfno.: 629 070 720  
Triacastela Lugo




**ATENCIÓN FAMILIAR**

SOMOS ESPECIALISTAS EN CARNE FRESCA, CO CORTE AO GUSTO DO CLIENTE

DESCUBRE O NOSO EMBUTIDO DE A FONSGRADA

**HORARIOS**

**DE LUNS A SÁBADO**  
Horario continuo  
de 9:00 a 21:00 h.

**DOMINGOS E FESTIVOS**  
De 10:30 a 14:00 h.

**RÚA DIEGO PAZOS 47, SARRIA**  
[www.facendafarruquino.gal](http://www.facendafarruquino.gal)

## O alcalde tomou posesión como deputado provincial



O alcalde do Incio, Héctor Corujo, tomou posesión como deputado do Grupo Provincial Popular da Deputación Provincial de Lugo en substitución, por renuncia, de Carmen José López por figurar como suplente na lista de candidatos presentada tralas eleccións municipais de maio de 2023. O alcalde xurou o seu cargo e recibiu o diploma e medalla como deputado de mans do presidente da institución, José

Tomé. Héctor Corujo destaca que chega á Deputación de Lugo "moi ilusionado e con moitas gañas de traballar para buscar solucións aos problemas da miña provincia e dos seus veciños. Veño con moitas gañas de traballar, pero tamén de aprender xa que neste grupo todos os compañeiros están moi capacitados e seguro que de todos aprendo moito", destacou.

## A praza de España acolle eventos e actividades de lecer

O Concello do Incio segue programando actividades na praza de España para o disfrute dos veciños, que comezou en xullo co espectáculo de Clown 'El mundo de Nono', e a actuación musical 'La disquetera'. Xa en agosto, o día 1 tivo lugar a festa da escuma e inchables. Así, a seguinte actividade será este vindeiro 8 de agosto ás 21.30 horas da man de Víctor Grande, que traerá ao Incio o seu monólogo, coa comedia

como protagonista.

Seguindo coas actividades, o 13 de agosto terá lugar a actuación musical 'Carta de ajuste' ás 21.30 horas, mentres que o 22 de agosto celebrárase a Feira de Artesanía e produtos da terra.

As actividades finalizarán o 29 de agosto, coa actuación musical 'La indirigible' ás 21.30 horas.

Con isto, desde o Goberno local animan á participación dos veciños e veciñas en ditos eventos

## A XIV Feira de Artesanía e Produtos da Terra será en agosto

O Concello do Incio celebrará o xoves 22 de agosto a XIV edición da súa Feira de Artesanía e Produtos da Terra, coincidindo coa Feira local.

Pola mañá haberá un pasarrúas a cargo dun grupo de música tradicional e unha actividade a cargo da Furgoteca, a biblioteca móbil da Xunta de Galicia. Xa pola tarde, haberá unha actuación da Charanga Louband e ás 20:00 horas degustación e iscos e foliada aberta.

Ao longo de todo o día haberá postos de artesanía polas na Praza de España e nos arredores do Concello, coa participación da Fundación Artesanía de Galicia, que tamén se encargará de organizar diferentes obradoiros para todos os públicos ao longo



de toda a xornada.

Xunto a estes expositores estarán os postos de empresas de alimentación da zona que venderán produtos típicos, como mel ou queixo.

Esta feira é unha iniciativa do Concello do Incio para promover

o turismo e a cultura na zona, así como para dar a coñecer o traballo dos artesáns galegos. Por este motivo, explica o alcalde, Héctor Corujo, cambiamos a data para agosto e para que coincida coa feira local para atraer ao maior número posible de visitantes.

## 25 persoas participaron na visita á Casa-Museo Eulogio de Laiosa

A Furgoteca organizou unha visita á Casa-Museo Eulogio de Laiosa, no Incio, á que se achegaron 25 persoas. Desde o servizo de Bibliotecas Móviles de Galicia pretenden con esta actividade recuperar a memoria colectiva a través de todo o material que ten o museo, como fotos antigas, a demostración de traballos e máquinas relacionadas coa agricultura, teares, madeira e ferro. O percorrido pola Casa, da man de José Luis Gallego, consistiu na narración da historia



dos seus antepasados e da construción de dito inmore, centrándose logo na mostra de diferentes obxectos, como xoguetes, libros,

ferramentas, etc. Ademais, observaron distintas estancias nas que se demostraron oficios como o de carpinteiro.

**FONTANERÍA Y GAS  
VILAR VALCARCEL S.L.**

AEROTERMIA  
SUELO RADIANTE  
BIOMASA  
INSTALACIONES DE CALEFACCIÓN, FONTANERÍA Y GAS

C/ Portomarín, 17 • C/ Arias de Arbieta s/n  
27600 Sarria (Lugo) • Telf/Fax: 982 531 449  
Móvil: 659 589 024 • vilavalcarcel@hotmail.com

**MADERAS GUILLAR**

**COMPRAMOS MADEIRA DE TODO TIPO: CASTAÑO, CARBALLO, PINO, EUCALIPTO**  
(fincas de calquera tamaño)

**ENCARGÁMONOS DE TODO PAGO INMEDIATO**

645 958 789 (Pablo)  
660 517 860 (José Angel)

**CHÁMENOS SEN COMPROMISO**

# “O obxectivo é crear comunidade arredor da cultura *sound system*”

Falamos con Sergio Pereira, presidente da Asociación Cultural Sonsistema, unha das organizadoras do Festival Tremeterra do 30 e 31 de agosto

## Que é o Tremeterra e cando xorde?

O Tremeterra é un encontro da cultura Sonsistema que se celebra con acceso gratuito na contorna do Encoro de Vilasouto, concretamente na localidade de Eirexalba, Concello do Incio. Naceu en setembro do ano 2022 co obxectivo de impactar no eido local, tratando de crear unha alternativa de ocio para a xente da zona, dinamizando a contorna e facéndoa máis atractiva e activa ás novas xeracións, introducindo propostas culturais que están á vangarda noutras comunidades e países, e servindo de impulso económico para o Concello a través de colaboracións con entes e negocios locais de O Incio e arredores. Ademais, a intención tamén é dar a coñecer os espazos naturais de grande interese paisaxístico, ecolóxico e ambiental da zona por medio de talleres e charlas a cargo de asociacións locais que traballan e protexen o medio natural. E, por último, poñendo en valor dous elementos declarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO: O Reggae e o Camiño.

## Cales son os valores que fomenta?

O Tremeterra trata de afianzar lazos entre diferentes colectivos do *sound system*, utilizando como vehículo o propio Camiño e o espazo físico que ocupa, conxugando as dúas entidades patrimoniais nun obxectivo común. É un evento cargado de valores de respecto, ás persoas de toda clase, sexo, relixión e procedencia, así como á propia natureza e a cultura, e por suposto á promoción dos mes-

mos. Todos estes valores atópanse intimamente ligados á tradición da peregrinación, sendo a irmandade e a vivencia compartida en multiculturalidade a base da experiencia do Camiño, así como tamén están intimamente ligados á música *reggae* que os promove dende a súa fundación. Este encontro busca ser un dos festivais referentes do *sound system*, onde non só o *reggae* conforma a súa imaxe, si non que todas as músicas e xéneros relacionados cos sistemas de son artesanais teñen cabida.



## Como xurdiu a idea de organizar o evento?

Nós, 5 amigos de Compostela que formamos parte da Asociación Cultural Sonsistema, decidimos crear un festival gratuito referente deste ámbito cultural e musical porque xa fixeramos outros eventos e queríamos facer un preto do Camiño de Santiago. Así, un de nós propuxo facelo no Incio e, ao establecer contacto tanto co Concello como coa veciñanza, que nos abriu as por-

tas, decidimos desenvolverlo aquí, conxuntamente coa Asociación Cultural Arandela, que ten moita presenza no eido local, e coa colaboración do Concello do Incio. Así, unimos forzas e decidimos organizar o Tremeterra nun espazo que consideramos idílico como é o Encoro de Vilasouto porque é un espazo co que conectar coa natureza e no que cremos que non molestamos demasiado, xa que está afastado e tendo en conta que o *sound system* chega a unhas frecuencias altas e é ao aire

libre onde mellor sona.

## Para quen non o saiba, que é o *sound system*?

O *sound system* vén da cultura xamaicana e consiste nuns altofalantes construídos artesanalmente de madeira e alí reproducense a música reggae e derivados. Dadas as características do equipo, isto fai que se xere un ambiente especial.

## Como evolucionou o festival desde a primeira edición ata hoxe?

Nós nunca agardamos facer algo



moi grande. O obxectivo é facer algo pequeno onde se poida crear comunidade e sen demasiada infraestrutura e iso conseguímolos. Esta é a terceira edición que organizamos e a resposta da xente é que lle vai gustando e vai medrando, pero non queremos facer algo súper grande. Na primeira edición contamos con 500 persoas, na seguinte edición con máis e nesta esperamos que veña máis xente, pero non queremos que se converta nun festival típico capitalista e masificado; nós queremos crear comunidade e ademais é gratuito, nós non gañamos nada de diñeiro e as axudas administrativas non cobren todos os gastos que xera o cartel coas actuacións de artistas internacionais, nacionais e locais que traemos. O Tremeterra é un festival e un encontro familiar para os amantes da cultura *sound system* e estamos moi contentos coa resposta porque cumprimos obxectivos. Consequimos crear comunidade, é moi familiar, próximo, os artistas mestúranse entre a xente... todos somos un. Tanto é así que non hai escenario, estamos todos xuntos, artistas e público.

## Algunha novidade nesta edición?

Este ano traemos artistas de diferentes países, pero tamén temos

artistas nacionais e locais que actuarán durante os dous días. Ademais, teremos obradoiros nos que os artistas poderán falar coa xente e esta poderá preguntarlles cousas sobre a cultura *sound system* doutros países mentres que haberá dinamizadores que traduzan as conversas. Tamén haberá un obradoiro sobre a violencia de xénero tratado desde o ámbito dos festivais, haberá actividades deportivas de ioga, postos de comida, tamén vegana, e bebidas de todo tipo. O máis importante é que a xente que veña estea concienciada de que estamos nun espazo natural que debemos respectar e coidar porque os veciños do Incio nos abren as súas portas e debemos ser agraecidos e respectar o seu espazo, polo que é necesario recoller o lixo, que se preocupen do seu, respectar as horas de descanso e que todos colaborem e sexamos todos un, tamén niso. Con respecto ao futuro, somos 6 persoas organizando o festival aparte de que contamos con voluntarios e amigos que nos botan unha man, pero somos poucos e optimizamos os recursos, polo que esperamos poder seguir organizando máis este festival en anos sucesivos porque temos moitas forzas.



## o páramo

## Friolfe celebra as súas grandes festas



A parroquia de Friolfe, no Páramo, celebra as grandes festas na Montaña na honra a San Lorenzo os vindeiros días 9 e 10 de agosto.

Desta maneira, o día 9 comezará todo cunha misa solemne ás 13.30 horas con procesión e sesión vermú a cargo do grupo Punto Clave e tamén haberá verbena e festa

amenizada polo mesmo grupo.

Pola súa parte, o día 10 haberá misa solemne ás 13.30 horas e procesión, seguidas de sesión vermú a cargo do Grupo Rubí de Pontevedra, que tamén estará na festa e verbena da tarde coa que rematarán as festas para toda a veciñanza do Páramo.

## Mellorarase a traída da auga na Ribeira por 52.000 euros



O Concello do Páramo aprobou a licitación de contrato para realizar unha mellora na rede de abastecemento de auga que dá servizo á Ribeira por un valor de 52.000 euros. As obras, que terán un prazo de execución de tres meses, consistirán no cambio das tubaxes, xa que son antigas e están deterioradas, polo que se detectaron fugas que foron intervidas en diferentes ocasións.

Desta maneira, apóstase polo

cambio de trazado e a execución dun novo tramo de canalizacións que axude a eliminar as fugas de augas e garantir que se poida prestar o servizo de forma axeitada, sobre todo en momentos de seca.

Por outro lado, o Concello tamén sacou a licitación a mellora do camiño que une Reascos con Salgueiredo por un valor de 58.542 euros e cun prazo de execución de tres meses.

**STIHL**

**PRESUME DE JARDÍN**

CON LA CALIDAD PREMIADA DE LA BATERÍA VTA.

**UNA BATERÍA PARA TODAS TUS MÁQUINAS**

DESCÚBRELAS EN TU TIENDA ESPECIALISTA STIHL.

OFERTA PRIMAVERA 2024

**Ferretería Sarriá**

Pedro Saco 33, Sarriá.  
Telf. 982 532 202

## láncara

## A Anpa do CPI denuncia o trato a unha nena con necesidades

Desde a Anpa do CPI Ramón Piñeiro de Láncara denuncian que desde o centro educativo non se solicitaron os recursos necesarios "aos que ten dereito unha nena en educación especial". Fan este comunicado conxuntamente con dúas representantes de nais e pais, a nai da nena con necesidades especiais e coa Federación de Anpas da provincia de Lugo (Fapacel).

Así, explican que o orientador do centro de Láncara, xunto co director, deben solicitar os recursos necesarios para atender a todos os nenos e nenas, pero o centro non fixo o seu e agora a nena queda sen docente preferente ao que ten dereito. Ademais, explican que a nai da nena tivo que pedir oficialmente os apoios necesarios para a súa filla a principios de xuño coa intención de que poida comezar o primeiro curso de primaria "con todas as garantías".

Así, desde a Anpa sosteñen que "o orientador e o director puxeron



todos os obstáculos posibles para que a familia canse e leve á súa filla a outro centro, argumentando que noutro centro está mellor, reducíronlle o horario, non tivo acceso a comedor escolar ata xaneiro deste ano 2024, custionouse que teña dereito a transporte escolar de voltar e intentouse negarlle o dereito ás excursións escolares.

Con todo, din, "fan con esta nena todo o contrario do que precisa:

educación integral no centro, sen illala, e con todas as garantías para a mellor evolución posible das súas capacidades, a nivel académico e persoal. A nena promociona agora a 1º de Primaria e a familia reclama o apoio especializado necesario para traballar individualmente e de maneira personalizada dentro e fóra da aula, segundo as súas necesidades no novo curso que comeza", conclúen.

## Celébrase a Festa da Malla, a III Foliada e as Festas da Pobra de San Xiao

A Asociación Val de Láncara organiza este 9 de agosto a III Foliada de Láncara e o 11 de agosto a Festa da Malla.

Pola súa parte, os días 17, 18 e 19 de agosto celébranse as Grandes Festas na Pobra de San Xiao, en Láncara, nas que se desenvolverán actividades, que comezarán o día 16 coa Festa da Troita, que acollerá de 23.00 a 01.00 horas a actuación da Batukada. Así, o día 17 comezará oficialmente a festa ás 21.00 horas coa charanga Louband, que estará ata ás 23.00 horas, momento no que terá lugar o momento da orquestra La Noria e do Grupo



Extra.

Xa o día 18 haberá unha sesión vermú amenizada polo Trío Primera Línea e pola noite volverán actuar, así como o fará o Grupo Beatriz.

Finalmente, o día 19 terá lugar a sesión vermú acompañada polo Grupo Punto Clave, que tamén actuará na festa nocturna, xunto coa Orquestra Gran Parada.

## O Muvicla clausurou a exposición da Casa de Galicia en Madrid

A exposición 'Coidamos da terra. Coidamos da xente' organizada polo Muvicla na Casa de Galicia en Madrid foi clausurada coa proxección do documental 'Primeira peregrinación a Santiago de Compostela en tractor de época', e a publicación 'alternativas al uso del petróleo en aplicaciones agrícolas' por María J. Bande, presidenta de Muvicla.

**Vazquez Autos**

**pelayo**  
Agente Exclusivo

Rúa Matias López, 126  
27600 - SARRIA (Lugo)  
Tel. / Fax: 982 530 707  
Móvil: 669 199 533  
vazquezautos@hotmail.com

# DEPUTACIÓN

## Rueda e Tomé achegan posturas en temas sociais e de turismo



O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, reuniuse co presidente da Deputación, José Tomé, con quen acordou impulsar a colaboración entre ambas dúas administracións en materia de infraestruturas, servizos sociais, emerxencias e turismo.

Así o explicou nunha rolda de prensa tras a reunión, que cualificou de “construtiva e operativa, na que avanzamos en moitos asuntos”. Con esta xuntanza, remata a rolda de contactos que o titular do Executivo galego comezou o mes pasado co obxectivo de sentar a falar co presidente da Fegamp, cos das catro deputacións e cos alcaldes das grandes cidades cos que non se tiña reunido: Lugo e Vigo.

“É a primeira vez en cinco anos que levo á fronte da Deputación que me reúno co presidente da Xunta. Son encontros que serven para falar, propoñer os diferentes puntos de vista e buscar solucións. Agardo que estas reunións continúen, eu mesmo convidei a Alfonso Rueda a continuar con estas reunións de traballo no Pazo de San Marcos. Ao remate do encontro o Presidente da Deputación entregoulle a Alfonso Rueda como agasallo institucional un exemplar do libro Proxectos para o Hospital de Isabel II, o Instituto de 2ª Ensinanza e a Deputación.

O mandatario provincial e o titular

da Xunta acordaron crear grupos de traballo para abordar a transferencia de infraestruturas viarias entre administracións, tendo en conta que a Deputación de Lugo é a que administración provincial que máis quilómetros ten, máis de 4.200km. En relación á Ronda Leste, Tomé propúxolle a Rueda que a Xunta declare este proxecto como unha obra de interese supramunicipal, ademais de poñer sobre a mesa un trazado alternativo que non afecte ás masas arbóreas nin ao leito e contorna do río Rato, conectándose directamente coa N-VI na gasoleira do Miño.

**ESTRADAS.** En canto á estrada do Courel, a LU-651, Tomé Roca urxiulle a Rueda o arranxo integral da vía e que se axilice a reparación do treito que se derrubou.

O titular da Xunta comprometeuse a licitar este ano esas obras de reparación do treito que se derrubara e darlle continuidade ás obras para “que os cidadáns desta zona da Montaña teñan unha mellor comunicación da que teñen, así que estaremos vixiantes para que se cumpra coa palabra dada”.

Pola súa banda, pediulle a reactivación da VAC Costa Norte, dándolle prioridade á variante de Viveiro “para sacar esa cantidade de tráfico que hoxe atravesamos a diario por esta

cidade”. Tomé comprometeuse, así mesmo, pedirle ao Goberno do Estado axilizar a autovía A-74.

Tamén en materia de infraestruturas, o presidente demandou que se desdobre a autovía Nadela-Monforte pola súa importancia social. “Rueda amosoume o seu compromiso de traballar nese sentido, dando debido cumprimento ao acordo unánime do Parlamento de Galicia, coa intención de facer chegar esta autovía ata Monforte, algo que resultaría moi beneficioso para a zona sur da provincia”.

Tomé trasladoulle, así mesmo, a súa preocupación polo estado da sanidade pública e sobre o Servizo de Axuda no Fogar na provincia de Lugo, con especial fincapé na atención primaria, “onde o 80 % dos concellos ten carencias de persoal”, esixíndolle unha estratexia que solucione estes problemas para achegar os servizos sanitarios á poboación.

Tamén trataron temas máis locais como o campus de Lugo, a creación dun Plan Industrial para Galicia que inclúa melloras para o Porto Seco. Tamén acordaron analizar o financiamento do Consorcio Provincial de Bombeiros da Provincia de Lugo para que se faga dun xeito semellante a Ourense e Tomé pediu acordo entre a Xunta e a Fegamp para a distribución do canon da auga.

## O Pleno reclama á Xunta un plan integral de atención sociosanitaria



A Deputación de Lugo reclamará á Xunta de Galicia o deseño dun Plan Integral de Atención Sociosanitaria que garanta o acceso aos servizos sanitarios das persoas maiores e das persoas dependentes, tanto do medio urbano como do rural, residan nos seus domicilios ou en establecementos vencellados á rede asistencial pública ou privada. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de xullo, tras a moción presentada polos socialistas, que foi aprobada por unanimidade cos votos a favor do PSdeG e do BNG e cos votos en contra do PP. O deputado de Promoción Económica e Social, Pablo Rivera Capón, explicou que o cambio que propón facer a Xunta ao decreto que regula as condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a maiores “ten un carácter lesivo para os centros de menor tamaño” porque a ratio de persoal de enfermería con que obriga a contar resulta máis custoso para os centros pequenos que para os de carácter masificado que propón o Executivo autonómico. O texto da moción reclama ademais que o Plan garanta o acceso á carteira de servizos sanitarios de todas as persoas usuarias dos centros da rede asistencial a maiores, de xeito que non se produzan situacións de desigualdade en función da tipoloxía

do centro, do seu tamaño o do seu tipo de xestión. Inclúen ademais a demanda do reforzo inmediato dos servizos sanitarios do rural, especialmente no que fai referencia a Atención Primaria; e o reforzo do persoal de enfermería, así como dos medios materiais para garantir a atención ou traslado a centros sanitarios dos maiores usuarios de residencias sempre que o precisen. O Pleno tamén sacou adiante outra moción do PSdeG para reclamar á Xunta de Galicia que anule a suba do canon de recollida de lixo anunciada por Sogama o pasado mes de xuño aos concellos. A iniciativa saíu adiante cos votos a favor do PSOE e do BNG e coa abstención do PP.

**EDUCACIÓN.** O Pleno da Deputación de Lugo reclama á Xunta tamén que reverta os agrupamentos de cursos de infantil e primaria que proxecta para o vindeiro curso nunha decena de centros educativos. A iniciativa do BNG, e pese ao voto en contra do PP, o pleno provincial reclama á Consellería de Educación que respecte os ratios que estableceu e suspenda os agrupamentos e recortes de persoal previstos nos colexios da Fonsagrada, Alfoz, Baleira, Bóveda, Ribas de Sil, Sober, Bóveda ou Pantón, onde as ANPAS se están mobilizando para manter a calidade do ensino.

**CREADOS**

- PSICOPEDAGOGIA
- EVALUACIONES PSICOPEDAGÓGICAS
- LOGOPEDIA Y LENGUAJE
- PSICOLOGÍA Y PSICOTERAPIA
- ATENCIÓN TEMPRANA (0-6 AÑOS)
- ESTIMULACION PRECOZ (2-3 AÑOS)
- REFUERZO EDUCATIVO ESPECIALIZADO
- ESTRATEGIAS Y TECNICAS DE ESTUDIO

¡Informate sin compromiso!

Calvo Sotelo, 183 Bajo  
27800 Sarria (LUGO)  
626 21 86 28

**ESO**

**INFANTIL PRIMARIA**

**Peluquería Isolina**

Tu peluquería de confianza desde 1987

Avda de Castilla, 19 - Triacastela 617 403 579

# DEPORTES

## A SD Sarriana presenta ao seu novo adestrador, Jaime Paz



Presentouse ante o público o equipo sénior A de 3ª RFEF da SD Sarriana no campo municipal da Ribela de Sarria.

Durante o acto, presentouse ao novo adestrador da Sarriana, Jaime Paz, que procede do Villarreal, onde formou parte do corpo técnico de Quique Setién. Tamén foi asistente técnico no Oviedo.

“Jaime coñece as características dos xogadores e valora o feito de contar con gran parte da base da campaña anterior, á que se suma a incorporación de futbolistas que poden aportar moito e marcar diferenzas”, explican desde o club.

Ademais, Paz confía en sacarlle “o mellor rendemento” ao cadro de xogadores, no que hai “mozos novos que apuntan moi boas maneiras”.

Así, con Jaime Paz forman parte do corpo técnico do club Juan Noé, Adriano Sousa, David, Diego e Santi Prieto.

Por outra parte, anunciáronse as renovacións dos xogadores do equipo, que son Javi Liz, Valentín Mosquera, Tomás Susavila, Maxi Levbrand, Keko Vilariño, Jacobo Vilariño, Adri Díaz, Álex Boedo, Diego Rey, Cuadrado, Arona e Brais Prieto.

Mentres, tamén se anunciaron as incorporacións de novos xogadores, que son Álex Millán, Martín López, David Guitián, Froilán Contreras, Youseff Sánchez, Rai, Luis Díaz e Santi Gunde.

Ademais, durante a pretempada, xogarán co primeiro equipo varios integrantes do sénior B, como Rubén Mourelo y Brais Lopez, e o xuvenil, como Óscar, Uxío, Pablo No, Adrián Pardo e Guti.

Desde o club deséñanlles os mellores éxitos profesionais a todos os xogadores, tanto ás incorporacións como aos que se manteñen fieis un ano máis ao campo da Ribela de Sarria.

## Miguel Ángel Hoyo, novo director deportivo do CB Sarria

Desde o Club Baloncesto Sarria anuncian que veñen de fichar un novo director deportivo, que é Miguel Ángel Hoyo. Desta maneira, din estar “felices e ilusionados por dar a benvinda a este adestrador cunha excelente traxectoria a nivel nacional e internacional”. E, engadiron que “estamos seguros de que a súa paixón por este deporte e o bo facer no seu traballo, faranos ser mellores”.

Dita traxectoria comeza no Club Basket Coruña, onde foi adestrador de baloncesto formado nas categorías inferiores do club hai 25 anos. Posteriormente, na tempada 1999-2000 deu o salto ao primeiro equipo coruñés en LEB Oro como parte do corpo técnico e na tempada 2002-2003 dirixiu ao Deportes Cimas na Liga EBA. Así, nas dúas tempadas seguintes, estivo no CB Sarria da mesma categoría. Despois, estivo no Club Baloncesto Breogán de Liga ACB, como asistente y preparador físico; entre 2006 y 2011, estivo no CB Granada



en Liga ACB; no 2011 regresa a Galicia para ser o director deportivo do Club Ourense Baloncesto; en 2012 marcha a África, e na tempada 2014-15 firma polo Horsholm 79ers da Basket Ligaen. Xa na tempada 2015-16, volve a Galicia para ser o adestrador do Club Xuventude Baloncesto de Vigo en LEB Plata; en 2016, regresa a Dinamarca para dirixir ao SISU Copenhagen da Basket Ligaen e foi técnico asistente da Selección de baloncesto de Angola durante o

preolímpico celebrado en Belgrado. En marzo de 2017, Hoyo firma como adestrador do Club Bàsquet Menorca en Liga EBA; na tempada 2017-18 firma como técnico asistente no Eskişehir Basket Spor Kulübü de la TBL, e na tempada 2018-19 firma polo Sasaki Baskonia B da Liga LEB Plata. En 2021 firma como adestrador asistente do BC CSU Sibiu da Liga Națională e en novembro de 2022 firma como adestrador do Sasaki Baskonia B da Liga LEB Plata.

## O Restaurante Río Loyo de Paradela gañou o V Torneo Fútbol Sala Oural

O V Torneo Fútbol Sala Oural 2024, que se desenvolveu esta fin de semana á par que as Festas do Oural polo Traballo, deixou diversos premios nos equipos participantes que formaron parte do evento que se celebrou no pavillón do Oural.

Así, o campión absoluto de dito

torneo de fútbol sala foi o equipo Restaurante Río Loyo de Paradela, quedando como subcampión o equipo de Bazar Jardón, do Oural. Xa como terceiro clasificado quedou A Lareira de Sarria, mentres que o cuarto premiado foi Taberna Orixen de Sarria. Ademais, tamén levou premio o

mellor xogador, que foi Jonhy da Lareira e o mellor porteiro, que foi Kike, tamén da Lareira. Así, os premios foron: para o equipo campión, 800 euros e trofeo; para o equipo subcampión, 400 euros e trofeo; para o terceiro e cuarto 120 euros e trofeo, e o campión consolación 120 euros.

CARPINTERÍA METÁLICA

- CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC
- PUERTAS, VENTANAS DE ALUMINIO
- VENTANAS DE PVC
- CIERRES EXTERIORES DE ALUMINIO LACADO
- PUERTAS MOTORIZADAS SECCIONALES Y DE CORREDERA
- MAMPARAS DE BAÑO Y MOSQUITERAS



CAMIÑO FRANCÉS

C/ Camiño Francés, 41 Sarria (Lugo)  
Tel.: 672 149 386 / 982 009 270  
caminofrances.aluminios@gmail.com




AS RODAS

R

NUEVA GERENCIA

MENU

Menú diario 12,50€

Menú fin de semana 15€

Churrasco siempre incluido en el menú

Amplio horario de cocina de 11h a 17h.

ESPECIALIDAD EN PARRILLA

Buffet libre churrasco 29€

Incluye: ternera, cerdo, pollo, criollo, chorizo, patatas, ensalada, pimientos de padrón, postre, bebida, café y chupito.

Celebración de eventos / Habitaciones

Tels. reservas: 634 494 540  
982 546 749

Lugar Valiña 7, Sarria



# “Queremos unha canteira con identidade colectiva e sentimento de pertenza”

**David Páez, novo director da canteira do Club Deportivo Lugo na tempada 2024-2025**

**De onde vén o seu amor polo fútbol?**

Vén desde moi novo, xa que empecei a xogar na SD Sarriana no fútbol base e a crear equipos cando tiña 16 anos ao ir a torneos cos meus amigos. Como os meus pais tiñan unha empresa, pedíalles patrocinio e iamos competindo por diferentes torneos durante os veráns. Cando marchei a Santiago a estudar á Universidade, con 18 anos, saquei o carné de adestrador nivel 1, aos 19 o carné nivel 2 e aos 20 o nivel 3, sendo o adestrador máis novo de España a nivel de adestrador nacional.

**Podería resumir a súa traxectoria ligada ao fútbol?**

Empecei con 20 anos levando os cadetes da Sarriana e, con eles, conseguimos gañar a Copa Deputación. Ao ano seguinte, estiven cos xuvenís da Sarriana, cos que conseguimos proclamarnos Campións de Lliga e ascendemos a Liga Galega Xuvenil. Ao ano seguinte marchei ao Rácing Vilalbés, onde conseguimos o 3º posto cos cadetes na Liga Galega, e, ao seguinte ano, adestrei aos xuvenís da Liga Galega e o terceiro ano no club estiven cos do equipo afeccionado, cos que ascendemos a Rexional Preferente. Despois do Vilalbés, marchei ao Calasancio de Monforte, onde fun 3 anos director deportivo liderando a 13 equipos desde a categoría prebenxamin ata os de Liga Nacional. Despois, estiven no Club Deportivo da Coruña, levando os cadetes de División de Honor, e tamén os xuvenís

División de Honor. Logo, marchei a Écija, en Andalucía, e despois marchei á China cun proxecto vinculado á liga de fútbol profesional. De volta, ofrecéronme ser adestrador na Selección Galega e alí estiven durante 5 tempadas, ata que firmei agora no Club Deportivo Lugo. Desa etapa, cabe destacar que estiven na sub-14, onde quedamos entre os catro mellores; e na sub-16, coa que conseguimos o Campionato de España. Este ano, rematamos como Campións na Fase Prata. Ademais, á vez que estaba na Federación, adestrei en 3ª división ao Viveiro, ao Alondras e ao Estradense.

**Como afronta agora o cargo de director da canteira do Club Deportivo Lugo?**

Sendo de Lugo, con moita ilusión, porque en Lugo hai moi bos xogadores e adestradores, polo que queremos sacar o máximo potencial dos xogadores da provincia de Lugo, que ten moita materia prima, é dicir, xogadores cun gran potencial. Polo tanto, asumo esta responsabilidade con responsabilidade e gañas.

**Podería explicar en que consiste o posto de director de canteira?**

Consiste en planificar a estrutura a nivel de fútbol base desde o filial ata os equipos máis pequenos, que en total son nove: o Filial, o xuvenil A e o B, o cadete A e o B, o Infantil A e o B, o Alevín A e o B. Hai que xestionar todo o que ten que ver co contexto deses equipos, os adestradores, as altas e as baixas e representar ao Club da



mellor forma posible; así como ter controlados a todos os xogadores da contorna de Lugo e da provincia e ter, dentro de Galicia, unha das mellores das canteiras.

**Tendo en conta a súa experiencia na federación, aproveitará para recomendar as fichaxes?**

Os meus cinco anos na Federación Galega permiten ter un coñecemento do panorama galego con respecto aos xogadores pero xa se irá vendo que se pode levar a cabo de incorporacións. Queremos priorizar o produto de Lugo e o galego, intentando galeguizar a canteira do Lugo, e se pode ser da contorna moito mellor.

**Na súa presentación dixo que quere recuperar as categorías perdidas, en cales poría o foco?**

Obviamente, o xuvenil A e o B, xa que este ano se perdeu a categoría de Honor, descenderon, pero a categoría de Honor Xuvenil non se pode perder; entón intentaremos recuperala.

**Por que é necesario apostar polo fútbol base?**

Tal como está a día de hoxe o fútbol, é moi impotente priorizar as estruturas de fútbol base do club, porque dá rendementos máis próximos ao coñecer o contexto do club e son xogadores que pertencen ao club e con moito cariño fóronse coidando, polo que queremos que cheguen ao primeiro equipo. Ter xogadores da zona é un privilexio.

**Que significa que os adestradores estean a xornada completa para profesionalizar o club?**

Nós cremos que aos adestradores, para que teñan un rendimento óptimo, hai que darlles condicións laborais estables, polo que os adestradores deben estar vinculados a xornada completa para que se sintan valorados e pertencen unicamente á estrutura profesional do club. Así, desde todas as categorías ten que haber esa profesionalización dos corpos técnicos.

**Cales son as súas expectativas de cara a esta tempada?**

Nós intentaremos competir ao máximo en todas as categorías mentres que formamos xogadores para que cheguen o mellor posible ao primeiro equipo. Por iso, apostamos por compatibilizar o feito de competir para manter as categorías e conseguilas co feito de formar, xa que o filial está no organigrama e queremos que compita da mellor maneira posible co obxectivo de manter a categoría e que os xogadores pasen ao primeiro equipo. Son etapas de formación e rendemento, xa que é importante esa formación previa de xogadores para chegar a fútbol profesional. Por outra parte, queremos devolver o Xuvenil a División de Honor. Queremos ter esa sinerxia entre todos os equipos para conseguir obxectivos deportivos e persoais, co fin de crear deportistas.

**Estar no Lugo era un soño que se cumpriu?**

Ao ser unha persoa de aquí, loxicamente sempre che gusta traballar na túa terra. Ademais, eu sempre fun do CD Lugo e para min é un privilexio traballar no club o cal sentes as cores. Estiven moitos anos fóra, e iso faite valorar moito máis o estar na casa, así que sen dúbida é un soño cumprido formar parte deste gran club.

**Sarriá de nacemento, leva Sarriá alí onde vai?**

Si, eu sempre digo que ser do pobo do que é un, non se pode ocultar. Eu son de Sarriá e estou moi contento, e sempre intentei poñer a Sarriá no panorama futbolístico galego e español, polo que para min é un orgullo. Porque empecei na Sarriana, onde fun xogador do fútbol base e logo empecei a adestrar equipos desde moi novo porque tiña claro que quería ser adestrador, pero todo comezou na Sarriana, o punto de partida foi aí...

**¿TIENES TU APARTAMENTO / PISO PARADO GENERÁNDOTE GASTOS?\***

**\*SOLO SARRIA (CASCO URBANO)**

**¡SÁCALE RENTABILIDAD YA A TU PISO!!!**

**TOURIST HOME**  
GESTIÓN DE PISOS TURÍSTICOS  
Tfno: 650 082 298

**GESTIONAMOS TU PISO A LA CARTA**  
NOS ENCARGAMOS DE TODO

- Promoción en Internet
- Limpieza general
- Lavandería
- Sólidas referencias

**INFÓRMATE SIN COMPROMISO**

**ALBORADA**  
CLÍNICA VETERINARIA

- MEDICINA PREVENTIVA
- MEDICINA GENERAL
- CIRURÍA TEJIDOS BLANDOS
- PELUQUERÍA
- TIENDA ESPECIALIZADA
- LABORATORIO
- DIAGNOSTICO POR IMAGEN

**y mucho+**

**URGENCIAS 24H**  
**646 046 954**

WWW.CVALBORADA.COM · 982 53 36 59  
Rúa Caneiro, 1-3, bajo · 27600 · Sarriá · Lugo

## DESCUBRINDO O PATRIMONIO

# A Igrexa de San Miguel de Goián de Sarria

O primeiro domingo do mes de setembro celébranse misas na honra do Santo Cristo de Goián ás que acoden miles de persoas

A Igrexa de San Miguel de Goián, situada na parroquia homónima de Goián, no extremo noroeste do Concello de Sarria, é coñecida por albergar no seu interior a imaxe do Santo Cristo de Goián, que lle confire carácter de santuario, xa que cada primeiro domingo de cada mes de setembro acoden miles de devotos de Friol, Lugo, Castroverde, Láncara, Páramo, Paradela e Sarria polas misas na honra ao Santo Cristo. O templo pasou por distintas fases. A primeira igrexa de Goián data, segundo os investigadores e estudiosos, no alto medievo, arredor do ano 800. Así, a súa cristianización tivo lugar case seguro desde

a inmediata Santa María de Ortoá, xa que o titular da igrexa é San Miguel, cuxo culto é moi antigo, constatándose xa no século V. Así, a súa festividade, no día 29 de setembro, aparece en Sacramentarios de finais do século VI, ou do principio do século VII. Ademais, a Igrexa garda unha pila bautismal con estilo visigótico, sendo considerada unha auténtica xoia da igrexa. O seu actual soporte é moi posterior ao cunco-fonte. Na súa orixe, sen ese soporte, asentábase no pavimento, facilitando o dobre rito bautismal de inmersión e infusión, sobre todo cando eran maiores os que se bautizaban. A decoración dunha especie de follas ao redor da copa de tipo filiforme confirma, ta-



mén, o seu estilo visigótico, o que indica que mesa época xa se bautizaba en Goián. Ademais, a igrexa ten unha segunda etapa cristiá de estilo románico, xa que contén dúas semicolumnas coas súas bases e capiteis que poden ser incluso protogótico, arredor do ano 1200. As semicolumnas constituirían os soportes do arco triunfal e as semicolumnas alzanse sobre bases de tipoloxía románica con garras sobre uns plintos adornados con pequenos arcos. Ambos os capiteis levan decoración vexetal, o dereito adórnase con follas, cuxas puntas voltas acubillan a típica bóla e o esquerdo está decorado cuns estilizados talos con follas aos lados rematados cunha roseta. Por outra parte, o templo inclúe unha terceira fase que se corresponde coa época neoclásica, momento no que unha terceira igrexa substituíu no mesmo sitio á románica. Dita substitución explicárase, ademais da posible deterioración do anterior templo, polo crecemento relixioso do que se acabaría por converter no 'Santuario do Santo Cristo de Goián'. Por

iso, creouse un pequeno espazo no muro sur da nave desta nova igrexa, ao que se chamou 'Capela do Santo Cristo'. Esta nave cóbrese cunha bóveda de canón sustentada por arcos de faixón. A bóveda está feita con ladrillo fino de cerámica e cemento. Con todo, no ano 1867 contrátase o retablo do templo de San Miguel de Goián a Jerónimo López de San Pedro de Cerceda. E a pintura contrátase en 1868 a don Mateo Fernán-

dez de San Pedro de Rivasaltas. Con respecto á parte exterior, posúe un cemiterio ás costas do atrio que circunda o templo e a igrexa posúe dous castros que confirman a existencia de núcleos habitados na época prehistórica: un é o Castro de Outeiro e o outro é o de Escarlán. Ademais, a poucos metros atópase a Fonte do Santo, que sempre ten auga fresca e abundante.



## MADEIRA

SERVICIOS FUNERARIOS

Funerarias  
Tanatorios  
Seguros



Desde 1945

Diego Pazos, 34 27600 SARRIA - Lugo  
Teléfono y fax 982 53 00 15

funeraria@servimadeira.es www.tanatoriomadeira.es

*Pili Madeira*  
FLORISTERÍA

Calvo Sotelo, 137 Tel. 982 530 015 SARRIA (Lugo)

floristeria@servimadeira.es - www.floristeriamadeira.es

REGALOS & EVENTOS

**bicarelo**

Calvo Sotelo 122 Bajo Izq - 27600 Sarria - Lugo  
Tel.: 982 88 65 85 / 633 22 69 88  
info@bicarelo.es